



*Págoas de /  
nubes*

Relatos na  
Rede Museística  
Provincial de Lugo  
Por Luz Darriba

Estes catro libriños chámanse *Bágoas de nubes*, título dun poema dunha novísima poeta chamada Milena Guerrica Echevarría Fernández. Están dedicados á memoria de David López Tallo (Lugo, 1980/2025), un auténtico «pescador de estrelas».

As ilustracións foron feitas por Maitena Guerrica Echevarría Fernández, Milena Guerrica Echevarría Fernández, e a avoa, eu mesma, que argallei o que puiden.

As historias concibímolos entre as tres, Whatsapp mediante; mentres o mundo continuaba a facerse hostil, nós seguíamos a crer que se poden pescar estrelas.

Grazas a David López Tallo, por deixar en tan pouco tempo de vida tanto espazo para soñar imposíbeis. Grazas a Paula Basanta Tallo, prima de David, por prestarnos fotos e lembranzas coas que rimos e choramos. Grazas a Enrique Alcorta, arqueólogo do Museo Provincial de Lugo, por aprenderme, con suma xenerosidade, retrinco dun pasado no que todxs nos deberíamos mergullar. Grazas ao Colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires, por ser facho da galeguidade na diáspora e aprender ás crianzas a amar a súa liñaxe. Grazas a Encarna Lago González, por propiciar dende sempre os encontros entre pescadores de estrelas.

Grazas, a quen leades, por crer que outros mundos son posíbeis.

Luz Darriba

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Dña. Iria Castro  
Deputada delegada da Área de Cultura  
da Deputación de Lugo

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL  
Dña. Encarna Lago  
Xerente da Rede Museística

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO  
Dña. Aurelia Balseiro  
Directora do Museo Provincial de Lugo

## PUBLICACIÓN:

Título: *«Bágoas de nubes.  
Relatos na Rede Museística Provincial  
de Lugo»*

Organiza: Vicepresidencia  
da Deputación de Lugo

Edita: Vicepresidencia da  
Deputación de Lugo

Textos:  
Luz Darriba

Ilustracións:  
Maitena Guerrica Echevarría Fernández,  
Milena Guerrica Echevarría Fernández e  
Luz Darriba.

Deseño e maquetación: Douserr\_S

Imprime: Alvanova Servizos Gráficos

Nº exemplares: 300

D.L. LU 43-2026



*O pescador de  
estrelas*

### ***O pescador de estrelas***

A historia comeza coma todas as historias. Mais como comezan as historias? E, sobre todo, como e onde comeza «esta» historia, porque non quero que vos confundades con tantas reviravoltas. Tampouco será para tanto, arriba, abaixo, ao centro da terra e a descansar no voo das andoriñas azuis e, polo medio, polo camiño, para dulcificar as esperas, para sumar esperanzas en tempos duros, empezo por contarvos a primeira historia. Se vos resulta difícil seguir o fío, preguntádesme. Veredes que non vai ser tan complicado.

Atopámonos en inverno, seino porque vai frío abondo e porque o ceo non está moi certo de conter ou non a choiva. E cantas veces se lle escapa! Seino porque vou á escola. Seino porque hai pouco celebramos na casa un novo ano e o ano, no hemisferio norte (aprendéronmo na escola), comeza en inverno.

Entón, para non marearvos, aló vou. Este inverno coñecín dúas rapazas moi guapas e moi intelixentes. Falaban ben raro, iso si. O galego delas esvaraba nalgúns sons. Era como se lles saíse o ar por entre os dentes e o arrastrasen até deixalo pequeniño. Soaba moi divertido.

Vai ser porque viñan da Arxentina, na América do

sur. Xa sabedes, alí onde os avós e os bisavós, e mesmo as avoas ou as bisavoas soas, foron buscar unha outra vida. Unha vida con menos penas. Tamén saberedes que algunhas e algúns conseguiron reducir as penas, mais non todos. Eu seino porque emigrara a Bos Aires un meu tío bisavó. E aquí quedara a familia que tiña de antes, á que vía cada tanto porque alí formara unha outra familia. E as penas non minguaran. E moito menos aquí.

Ben, vou tratar de centrarme, porque á fin non conto historia ningunha e estas coído que vos han gustar. O caso é que fixemos moita amizade estas dúas rapaciñas e máis eu. E como os amigos e as amigas andan ás veces por carreiros inesperados onde pode ocorrer calquera cousa, pois así nos pasou a nós. Exactamente iso.

Milena e Maitena, chámanse; a primeira ten doce anos e a segunda, dez. Milena é moi loura, máis loura aínda ca min, tan loura que o seu cabelo ao sol semella case branco. Ten os ollos vivaces dun azul verdoso ou dun verde azulado. Verderolos, que diría miña nai cando lle dá por aí, para chamar á cor verde, aínda que ela ben sabe que é o nome dun paxaro.

Maitena, pola contra, é ben morena: dun castaño escuro nos ollos e no cabelo que as dúas levan ben longo, e os

seus ollos, algo chineses son moi vivaces. Non se parecen moito, fisicamente falando, mais teñen outros xeitos de se parecer. Xestos que vemos quen observamos polo miúdo.

Viñeran as dúas a Lugo para visitar a avoa e coñecer estas terras de onde partiran á inmigración, había xa tempo, os seus devanceiros. Ambas as dúas son moi listas e mesmo un cachiño lerchas, mais a min non me importa. Encántame aprender cousas novas e elas poden ensinarme unha chea delas que non consigo apañar dende esta beira do océano, porque cada parte da Terra ten as súas cousas propias e diferentes. Eu tamén lles aprenderei cousas a elas. Da natureza, do campo, das árbores, dos ríos, das estrelas. Porque eu, que o saibades, son un pescador de estrelas.

Que que fan os pescadores de estrelas? Se cadra volo conto máis adiante, porque do contrario nunca comezaremos a historia.

### ***Os museos son caixas de sorpresas***

Esta mañá ides vir comigo ao Museo Provincial de Lugo, abrigádevos ben, por favor; o inverno é ingrato e miña nai di que non hai que lle dar a quenda de enfermármonos. Xa vos falarei logo da miña nai, unha campioa, ela. Agora

teño présas. Alí quedei coas nenas e xa vou con retraso.

—Ei, rapazas, por onde andades? Eu chego un chisco tarde... —berrei impaciente.

O caso é que as rapazas non aparecían e era ben raro, porque as outras veces que nos vimos chegaran antes ca min... Agocharíanse? Xa me está a dar un pouquiño de frío, e de medo, agardar só aquí por elas...

—Rapazas! Mile, Maite!

—Non son Maite, son Maitu —berrou unha voz que a propietaria teimaba en facer grave. A ver se me atopas...!

Entón empecei a ollar en todas as direccións, mais alí, naquel claustro cheo de esculturas antigas, pedras e pedrolos varios, non se vía máis ca o silencio. Se é que o silencio se pode ver...

—Rapazas, non xoguedes comigo. Que vai frío.

Imos dentro do museo, teño aínda moitas cousas que amosarvos.

—Milena, onde estás?

E de volta a ver e a escoitar o silencio, que só era interrompido por unha airexa máis fría que a morte, a coarse entre aquilo que agora sei que se chaman capiteis medievals, aras votivas, reloxos de sol... Aprendinmo para contarllo ás miñas novas amigas. E xa me tedes a min,

aparvado e morto de frío, fitando até o altor das columnas para ver se aquelas rapaciñas rubiran polas pedras e se agochasen alí para me meter medo.

Así ía eu entre pedra e pedra chamando polas rapazas, facendo todo o ruído posíbel para que me quitase o frío e o susto que levaba no corpo, cando un paxaro negro ben grande pasou a rentes da miña cabeza co seu voar arrepiente.

Levei un susto de morte. O meu corazón saíase do peito. Non daba parado de latexar forte coma un tambor.

Ademais, non había ninguén alí, as miñas amigas non daban saído dos seus agochos, e eu tiña xa ganas de voltar á casa e tomar chocolate quente preparado pola miña nai. Xa me deixara ela achegarme ao museo e faltar a clases, só por unha vez, para encontrarme con estas nenas, netas dunha súa amiga. Eu só pensaba no chocolate. Algo que me tirase de vez o susto do corpo.

Mais foi alí que apareceron Milena e Maitena, aterrecidas tamén por aquel paxaro agoireiro.

—Estamos acá, David —dixeron as dúas a coro chimpando do patio por entre os arcos das columnas. Permaneceran agochadas alí e eu nin o pensara. Debían estar mortas de frío... Por certo, non volo dixera:

chámome David.

—Por fin, rapazas, xa me ía dar por vencido. Mirade que sodes trasnas!

—Non, queríamos que nos encontrases, o paxaro ese asustounos. Que grande era —dixo Maitena.

—Si, grande, e parecía que viña directo á miña cabeza —dixen eu sen saber moi ben que dicir e un pouco avergoñado do meu propio susto.

—Era raro, bastante raro —dixo Milena—. Que paxaro era?

—Non cheguei a velo. Foi tan rápido —bisbei eu—. Sería un corvo...

—Era moi grande para ser un corvo —dixo Maitena, que tiña a man unha resposta para todo, aínda que no tería visto moitos corvos na vida, sospeitaba eu.

A néboa do día comezaba a levantar, unhas raiolas cativas tentaban deixarse ver por entre as pedras, e as rapazas e eu decidimos entrar no museo na procura de Enrique, o arqueólogo, que nos ía explicar un feixe de cousas. Así que subimos ao primeiro andar, á Sala do Tesouro, para falarmos da ourivería castrexa e quentármonos algo o corpo. A min xa me renxían os dentes sós.

—A ver, rapaces, que queredes saber? Cal é a vosa curiosidade?

Milena e Maitena estaban abraiadas fronte os tesouros castrexos. Xa sabían algo do tema, van ao colexio Santiago Apóstolo, en Bos Aires, e por iso falan galego e coñecen tanto da nosa cultura. Case que mellor ficaba eu caladiño, porque seguro que elas tiñan unha listaxe de preguntas para que Enrique respondese.

—Quererás dicir, rapaz e rapazas, non si? —afirmou Maitena sen agardar resposta—. Eu querería que nos contases todo o que che pareza interesante da época castrexa, pode ser?

—Ben, de acordo, ímonos ir facendo preguntas a nós mesmos, e «mesmas», Maitu, e tratando de respondelas utilizando simplemente a lóxica, de acordo? —respondeu Enrique compracido.

Os tres estivemos de acordo. Enrique era un home de aspecto bondadoso e amábel que, ademais, resultaba unha enciclopedia á hora de partillar os seus coñecementos. E nós eramos esponxas. Todo nos parecía interesante e singular, todo nos facía reflexionar.

Así soubemos que na época castrexa as casas eran de pedra, redondas, cos teitos de palla, e vivían nelas



moitas persoas; pescudamos nas súas comidas, como almacenaban os cereais e na vida diaria que podían desenvolver os nosos devanceiros. Eu xa estaba entrando en calor, as miñas amigas felices de poder aproveitar tantos coñecementos e marabillas como contén o noso museo, cando ocorreu algo no que non sei se ides acreditar.

Estabamos a escoitar e preguntar, a mirar con detemento cada unha das pezas, o famoso torques de Burela, unha

xoia de case dous kg de peso en ouro (xa digo eu que non sería moi doado de levar...), o fermoso carneiro alado que nos arrincou aos tres unha grande exclamación de asombro, aneis, brincos, marabillas..., cando de súpeto un barullo inmenso se apoderou do ambiente. Unha fumareda negra cun cheiro a goma queimada tapounos por completo e, cando puidemos reaccionar, vímonos no medio dun barbeito que semellaba estar no alto dun monte. Milena, Maitena e mais eu collémonos das mans moi fortemente. Enrique xa non estaba connosco e aquilo non tiña moi boa pinta.

### ***Viaxar no tempo sen boletos***

Parecía evidente que realizamos unha viaxe, mais non calquera viaxe, unha viaxe a través do tempo. Si, vale, xa sei. Xa sei eu que está moi visto o das viaxes no tempo. Seino, non son parvo. Hai milleiros de historias que relatan estas cousas. Eu tampouco acredito nelas, que o saibades, mais o certo é que canto vos estou a relatar non foi produto do meu maxín: teño dúas testemuñas.

Ao noso redor víanse algunhas persoas de diferentes idades en movemento, facendo cousas, traballando. Nós quedáramos chantados contra a fortificación de pedra

daquel lugar e case non nos atrevíamos nin a mover un pé. Unhas casas como aquelas das que nos falara Enrique víanse ao lonxe. Foi Milena, a máis vella dos tres, quen comezou a reflexionar sobre a nova situación:

—Rapaces, parece que algo nos trasladou a unha outra época. Temos que mantérmonos xuntos e unidos para protexernos e descubrir como volver a Lugo, á casa. Non teñades medo, somos crianzas, ninguén nos fará dano, xa veredes.

—As viaxes no tempo non existen —dixo Maitu amolada—. Ten que ser unha broma de alguén, isto non pode estar pasando. Ademais, o de sermos dúas nenas e un neno non nos garante nada, Mile...

E Maitena aniñouse contra a súa irmá buscando abeiro e eu tratei de entender o que pasara e procurei a maneira de estar calmo. Milena tiña razón, eramos unhas crianzas, non nos podía pasar nada malo. Así foi que nos erguemos do chan de herba, que estaba húmido e frío, e marchamos directo cara a onde a xente facía a súa vida.

Ao principio ninguén reparara en nós. E iso que íamos vestidos de xeito ben distinto. Vai ser que nos nenos e nas nenas ninguén repara demasiado. Alí había moitos nenos e nenas, que tampouco nos viran aínda, e andaban a

traballar ao mesmo ritmo ca os adultos.

O que víamos era ben semellante ao que nos describira Enrique, a xente facía unha vida normal, como a nosa en moitos aspectos, con moitos menos medios dos que nós dispuñamos na nosa época. E parecían felices, ou contentos, ou simplemente vivían ao seu xeito, que, como nos falara Enrique, era dunha grande aproximación á natureza.

—Están a traballar a terra para conseguir os seus alimentos —observou Maitu.

—Hai nenas e nenos a colaborar nas tarefas —apuntou, Milena—. Aquela nena vén de lavar a roupa, seguramente hai algún río preto. Como nos dixo Enrique, as poboacións, por razóns obvias, sempre se asentaban preto dalgún río. E se atopamos ese camiño, se cadra, poderíamos regresar a Lugo.

E nos puxemos a andar aproveitando que pasabamos desapercibidos. Estabamos un pouquiño asustados, mais algo dentro de nós nos tranquilizaba. Alí ninguén parecía ter intención de facernos dano, nin sequera nos vían, até que, de súpeto, outra vez, apareceu o voo rasante daquel paxaro enorme e pouco respectuoso que, inda por riba, cheiraba bastante mal. Desta volta foi directo á

cabeza de Maitena que comezou a berrar moi inquieta. E mentres berraba, o paxaro xa desaparecera, mais moita da xente da aldea estaba a ollar para nós con facianas que delataban o seu asombro. E foi, por suposto, como se nos sentísemos descubertos, como cando temos claro que algo malo ou incorrecto fixemos e nos pillan *in fraganti*.

### ***Unidos fonte á adversidade e un paxaro tolo***

Formamos, sen pensalo, unha torre cos nosos corpos collidos das mans e agardando as respostas que puidesen ter eses paisanos e paisanas tan particulares. Moviámonos os tres á vez en distintas direccións, de acordo co percorrido do fluxo de persoas que se aproximaban a nós dende os catro puntos cardinais (que iso tamén mo aprenderon na escola). Non sabiamos que facer e, por suposto, non podiamos consultar nada entre nós. Simplemente estabamos a agardar polo desenlace.

E o seguinte paso non se fixo esperar. Desta volta, o paxaro negro cheirón pasou tocando as nosas cabezas até tres veces seguidas, o que fixo que a xente se metese nas casas apresuradamente.

—Será que lles pon medo o paxaro? —dixo Milena.

—Ou nosoutros —reflexionou Maitena.

Eu non tiña ren a dicir. Ese maldito paxaro víñame dando a leria dende a mañá cedo e agora, que a saber onde estabamos, en que tempo, en que lugar, en que espazo dun pasado que nos invadía, volvía o bo do bicho a xogar connosco. Porque talvez só quixese xogar e non soubese como facelo sen dar medo. Ás veces, as persoas ou os animais só queren relacionarse connosco e non saben como facelo. Eu mesmo, intimidado por esas amigas novas tan decididas, moitas veces non sabía o que dicir e calaba para non parecer máis parvo do que en ocasións me sinto.

Miña nai, e se cadra non é o mellor momento para lembrarme dela, aínda que sempre é o momento óptimo para lembrarnos da nosas nais, miña nai, dicíavos, sabe que facer en calquera circunstancia. Ela é forte e ten unha voz moi potente. Ela é brava e ousada. Eu non teño máis *«familia familia»* ca miña nai. A ver, si que teño primas e primos aos que quero un montón, tías e tíos, unha avoa e un avó que son moi importantes na miña vida. Mais non teño irmáns nin pai. E hai momentos nos que os boto en falla, se é que se pode botar en falla o que non se ten ou o que nunca se tivo.

En fin, como vedes, eu aquí desvariando sen saber que facer, mirando o ceo que, por momentos, parece que

vai lanzar sobre nós, o que nos faltaba!, unha choiva a cachón, mentres Maitu recolle do chan unha fermosísima pluma, que lle caería con toda seguridade ao noso cargoso paxaro, e di que xa a garda ela no seu cofre imaxinario de tesouros (aínda que aquí é só o peto do abrigo). A pluma é extraordinariamente longa e ten múltiples cores ou, máis ben, múltiples tonalidades do gris e do azul a mesturarse entre elas. Algunhas posúen até un brillo propio. Como unha pequena luz que lles sae dende dentro. Como se aquel, en realidade, non fose calquera paxaro. Por que nos gustará tanto todo o que brilla? Coido que os tres pensabamos que aquela pluma tiña algo dabondo especial e que deberíamos gardala, porque, se cadra, nos axudaría a viaxar de novo no tempo e regresar á casa.

### ***Coma na casa non se está en ningures***

Para non rebaixarlle nin unha miga de gravidade ás circunstancias, o ceo decidiuse por lanzar unha treboada que metería medo mesmo estando na casinha e co chocolate da mamá quente na mesa de noite, polo que corremos os tres para acubillarnos da próxima tormenta.

As árbores estremecíanse, a luz foise de repente quedando todo baixo un ceo gris ou case negro, que

parecía moi anoxado. O bosque que viamos era como o das *pelis* de medo. Árbores que semellaban figuras fantasmais, brétema pecha que nos obrigaba a imaxinar que habería detrás de cada árbore e nos puña máis arrepío, lóstregos a practicar unha danza de fogos que, daquela, non facían graza ningunha.

As pequenas e eu nos refuxiamos nunha casa, metémonos sen máis, non tiñamos outra posibilidade. Ficar á intemperie ía ser un outro problema a engadir a toda esta historia.

Na casa onde nos refuxiamos non vivía ninguén, máis había roupa. Moita roupa tendida de parede a parede, coma se fose un secadoiro comunitario. Non é que vísemos moito, como vos podeades imaxinar non había luz e nós non levabamos lanternas. As nenas tiñan uns aparellos que elas chamaban *celulares*, mais ficaran sen batería e precisaban da electricidade para volver funcionar.

Nese intre, pensamos que tiveramos sorte. Polo menos non estabamos no medio dun bosque en plena tormenta. Os bosques son moi particulares pola noite. A noite e a néboa fan dos bosques o territorio das meigas. Seguro que había polo menos unha detrás de cada árbore, eu xa o estaba a imaxinar. Mais non tiñamos a menor

intención de comprobalo. Porque pode que as meigas non nos fixesen dano, mais se non fosen meigas? Se fosen outros habitantes dos bosques, seres dos inframundos, uns espíritos malignos que quixesen converternos en calquera outra cousa? Bruxas, trasnos, lobishomes, e nin me quero imaxinar á Santa Compañía, que xa a estou a ver na miña chola detrás dos carballos e piñeiros, que era o que eu chegaba a distinguir, ou a imaxinar, entre a escuridade e a borraqueira... Coma nos contos, porque, en definitiva, aquilo era talmente coma nun conto.

Polo momento tiñamos un lugar non tan frío onde pasar a noite. Ao día seguinte, menos cansos, tentaríamos buscar o famoso río e de alí o camiño a casa.

—Mile, David, seguro que tedes fame, porque eu teño moita —dixo Maitu moi baixiño, como para que ninguén, real ou imaxinario, escoitase—. Pois resulta que eu teño na mochila os restos dun *alfajor* de doce de leite e chocolate que trouxen da Arxentina, está case enteiro. Só lle dera unha dentada pequeniña, así que quedo eu coa parte que ten os meus dentes marcados e o partimos en tres para que cadaquén coma algo, parécevos?

E claro que nos parecía, as nosas tripas estaban a bailar unha danza moi barullenta. Eu adoito comer dabondo,

faltárame o xantar e a merenda e tiña moita fame.

—A ver, eu teño no peto un paquetiño de galletas que me quedaran do almorzo, agrégoas ao alfajor de Maitu, repartamos —dixo Mile sacando o pequeno paquete con cinco galletas.

—Eu teño uns restos de gominolas —acoutei eu—. Xa sei que non é moito, mais cóntovos que cando saín da casa esta mañá, para encontrármonos no museo, non pensaba, vaia, nin me pasou pola cachola, que faríamos xuntos unha viaxe... O malo é non termos auga...

—Teño eu unha cantimplora pequena para compartir, levábaa na mochila porque sempre me dá moita sede. Non morreremos deshidratados desta volta —dixo Milena—. Mañá temos que acordar o máis cedo que poidamos, antes de que esta xente esperte, e saírmos decididos a atopar un río. A clave vai estar no río. Se atopamos o río poderemos voltar á casa. Lembrádevos do que nos contara Enrique? Cada trinta km, máis ou menos, hai poboacións, non será doado, non é preto, mais poderemos facelo. E tamén lembrádevos do que nos dixo: hai que usar a lóxica. En todas as épocas a xente usou a lóxica. Xa sei que non ten moita lóxica estarmos aquí, que non sabemos como chegamos nin como imos saír, mais non perdamos o

sentidiño. Eu estou preocupada pola avoa Luz, que non saberá onde estamos e a pobre é bastante dramática, e con isto quero dicir que se alarma de máis. E non temos ningunha posibilidade de contarlle o que pasou que, por outra banda, vai ser ben difícil de crer.

—E eu á miña nai, que tamén vive preocupada por min, a pobre...

—Non podemos facer nada, *chiques* —dixo Maitu usando esta expresión tan rara—. O mellor será que despois da «cea» tentemos descansar.

Na escuridade repartimos equitativamente o que conseguíramos xuntar entre os tres e bebemos uns grolos de auga, para que nos quedase, polas dúbidas, unha pouca para o día seguinte. Acaroámonos, ben xuntiños, para dármonos calor e tratamos de animarnos para non pensar máis que en atopar o camiño de volta. Mañá sería un outro día.

Mais ese día, tan raro, tan diferente, non podía rematar sen historias, así que, medio durmidos, contamos algunhas que sabiamos para dármonos alento, como supoñemos que farían os habitantes daquel poboado que tiñan que ir para a cama tan cedo cando o negrume envolvía o seu val.

—En realidade, hai teorías na física que falan da

posibilidade de viaxar no tempo, como a teoría da relatividade de Einstein. Ao parecer o tempo dilátase e, se un obxecto viaxase a moi altas velocidades, a altísimas, máis ben, poderíase sentir unha diferenza nese paso do tempo... Non sei moi ben como explicalo, pero moita xente pensou nisto. Pode que non sexa tan estraño que esteamos acá... —dixo Maitena, querendo máis coller o sono que explicar teorías complicadas.

—Si, moita xente pensou nestas cousas e fixéronse pelis como *Regreso ao futuro*, lembrádevos? E escribíronse novelas como *A máquina do tempo*, non me lembro agora o autor, que era inglés. E tamén hai películas sobre esta novela. O caso é que nós non temos nin máquina nin nave nin nada. E como foi que conseguimos viaxar no tempo? Tedes algunha idea? —dixo Milena, tentando non pechar os ollos.

Os tres negamos coa cabeza, xa non podiamos nin pensar. E así foi como quedamos «fritos», ignorándoo todo da nosa crúa realidade, tratando de non sentir medo nesa casa chea de obxectos que semellaban ter movemento, sen porta, e polo tanto cun buraco aberto a todos os mundos descoñecidos do bosque. Confiando en que, ao día seguinte, algo mudase para poder sentir que nunca

mudara a nosa curta vida. A verdade é que eramos moi valentes, ou sabiamos os tres como controlar o medo.

### ***Quen non durme na casa, esperta cedo***

Á mañá seguinte, ben cedo, espertounos o canto do galo, que parece que ten o costume de ser «espertador» en todas as épocas. Non sei que soñarían as miñas amigas, mais o voo do paxaro raro estivo moita noite nos meus soños. De súpeto, comezaba a entrar no recinto unha luz platinada. Alí, nas casas redondas que me lembraban ás pallozas de Pedrafita do Cebreiro (fixemos unha vez unha excursión coa escola), non había fiestras; a luz do día, por entón gris e pouca, entraba polo oco que nós chamaríamos porta, se existise unha porta, que non era o caso.

Miñas amigas parecían dispostas a seguir a ruta de Morfeo, como se non lles preocupase a situación na que nos atopabamos. Eu sentía moita responsabilidade, non sei por que, mais coidaba que tiña que protexelas por ser o único neno. Porén, elas eran ben bravas e parecían ter menos medo ca min.

—*Chiques*, hai que saír antes de que descubran onde estamos, onte salvounos o paxaro —apuntou Milena—. Non sexades *atorrantes* que temos moito que facer, por

exemplo, pis e outras cousas que dende que marchamos, é un dicir, de Lugo, non fixemos. Temos que lavarnos, ver se hai unha fonte para cargar a cantimplora con auga e liscar rapidiño.

—Como nos chamastes, Mile? —preguntei eu que coído que non ouvira na vida a palabra *atorrantes*.

—Quixo dicir *laczáns*, mais díxoo en arxentino, *entendés?* Ou *sexa*, en *lunfardo*, porque o arxentino non existe —Maitena respondendo o que ninguén lle preguntara—. Só é unha maneira diferente de falar o español, que hai en cada país, *entendés?*

E cando me dispuña a contestar que entendía, que estaba todo claro e que eu era o primeiro que quería saír a fume de carozo a facer pis, comezou a encherse de xente a casa redonda coa roupa colgada, agora viámola mellor, cunha columna enorme de madeira no medio, onde nos resgardáramos da tormenta.

Nós volvémonos poñer en actitude defensiva, xuntos os tres coma se fósemos só un, e eles e elas, grandes e pequenos a rodearnos como o día anterior. Falaban nunha lingua que non entendiamos, facían xestos coas mans dirixidos a nós, e mesmo comezaron a achegarse e tocarnos as caras, as roupas, que lles debían parecer moi

estrafalarias, o cabelo das rapazas, cheo de broches de plástico de cores... E, o que parecía chamarlles a atención especialmente: o plumífero que levaba eu posto, dunha cor azul metalizada que non terían visto na vida. Tocaban os nosos zapatos, os nosos calcetíns, as nosas mochilas. Uliánnos como o faría un canciño. E a saber canta cousa entenderían de nós a través dos nosos cheiros. E nós, que nos decatamos axiña de que esa xente non ía facernos dano ningún, quedámonos quietiños até que toda esa etapa de inspección rematase.

Tamén aproveitamos para fitalos a eles e a elas, para cheiralos e seica entender, a través dos sentidos, toda esa vida natural tan distinta da nosa que levaban nos corpos. E mesmo ás crianzas. As crianzas eran iguais ca nós, noutras circunstancias. Castrexíños e castrexíñas, porque aquela xente era moi semellante ao que nos falara o noso amigo arqueólogo, Enrique Alcorta. Tiñan en xeral ollos claros, non tan claros como os de Milena, mais verdosos, ou verderolos, que diría miña mai.

Milena lembraría logo un mural, A Castrexa<sup>1</sup> que ao parecer había en Lugo. Talvez o seu autor fixese unha viaxe no tempo, dixo, porque a súa obra reflectía bastante ben a estas mulleres. Tiñan a pel coma nós, mais como se

se lles puxese algo desgastada de tanto estar á intemperie. O cabelo castaño claro ou marrón, as mulleres e as nenas levaban trenzas e os homes con barbas e o pelo tan longo como as mulleres. Moitas delas, das mulleres, levaban brincos que parecían de prata e colares de contas con tiras de coiro e debuxos xeométricos como os que vimos no museo. Eran totalmente amigábeis.

Con eles e elas entraron algúns animais: pitas, carneiros, ovellas, cans... Cabía alí moita xente e un conxunto variado de seres vivos, entre os que nos atopabamos nosoutros, á espera de entender algo.

### ***Un lapis e un papel mudan o mundo***

Nosoutros tiñamos, por lóxica (canto nos gustou esa palabra!), unha morea de curiosidade. Mile e, sobre todo, Maitu, mordían visibelmente a lingua para non preguntar, até que a Maitena se lle ocorreu unha idea que salvou a nosa comunicación non oral. Colleu unha libretiña e unha chea de lapis de cores e fibras que levaba sempre na mochila porque lle encantaba debuxar, e alí comezou a maxia.

—Grande, Maitu —aplaudiu Milena, e eu tamén, até cos pés.

Entón, Maitena, que xa ten, di ela, nome de debuxante famosa<sup>2</sup>, creou alí unha mazá ben linda para facerlles saber que tiñamos fame, e elas levaron as mans á boca no xesto de indicar que querían comer. Eu imiteinas.

De súpeto, desapareceu todo o mundo, agás os animais (procuraban o abrigo dentro das casas xunto cos humanos) que xa se fixeran amigos de nós, e voltaron os humanos con cacharros cheos de comida: queixo, mazás, leite, figos, algo parecido ao pan que tiña gosto a belotas e coiteliños de ferro para cortar, imaxinádevos!

Mirámonos e comezamos a comer. Primeiro, con vergoña, porque todos estaban a ollar para nós e logo con verdadeira paixón, que di a miña nai que lle hai que botar paixón á vida toda. E que ben ulía aquela lupanda! Non se nos esquecerá na vida!

Rematada a fase «gastronómica» e a nosa loita (vencida pola fame) dos sabores descoñecidos, Maitena quixo contarlles quen eramos, de onde viñéramos e resultaba ben complicado, malia os nosos xestos coas mans cara a diante para representar o futuro. Non sabemos que entenderían, mais estaba claro, percibíase, que confiaban en nós.

Entón, convidáronnos, tamén cos xestos das mans, a

acompañalos. Coma quen nos fai un tour pola súa casa. Fomos co grupo enteiro percorrer a aldea, logo de facer de xeito conveniente, e sen público, as nosas necesidades fisiolóxicas, como dixo Milena.

Percorremos o val con absoluta curiosidade e decatámonos de que o seu sentido da arquitectura era ben particular. As casas eran diferentes unhas das outras, algunhas redondas, outras ovais. As rúas, que non eran rúas, eran nada máis que os carreiros desorganizados entre as casas, ían para calquera sitio. Tanto que seguiolos xa representaba una aventura en si mesma.

Entón, vimos como distribuían dende cedo o traballo, o que facían para afrontar a loita contra os elementos, ou sexa, «contra» no bo senso da palabra, da natureza. Porque todo, por malo que sexa, ten algo bo e viceversa, que mo explicou miña nai. Si, xa sei que me estou enredando nas verbas e que iso é moi propio de min, que digo unha cousa e a contraria, a profe dimo todos os días, mais vou tentar explicarme mellor: esta xentiña dependía da natureza para todo. Coma nós, só que o entendemos menos e o respectamos peor. Xa que logo, tíñanse que amigar con ela para garantir a subsistencia, entendela, saber cando mudaba o clima e o que tiñan que facer para

que os deuses e deusas, como Navia, a deusa das augas (fixádevos que é un nome moi presente na nosa xeografía e sempre referido á auga), que para eles habitaban canda nós, na propia terra, lles fosen propicios. Que as colleitas fosen boas; que as tormentas non estragasen as casas nin as colleitas; como aproveitar a luz solar porque non tiñan outra e porque a luz do sol é única e marabillosa; cando e onde cazar e pescar, porque niso consistía a súa supervivencia. A lúa tamén era moi importante para esta xente, porque a lúa, como nos contara Enrique, cunha palabra moi fermosa que dicía a súa avoa: *larunbata*, que en éuscaro antigo significa as particións luares, a lúa marca o tempo cos seus cuartos, coa parte de lúa que vemos en cada fase. Por iso a lúa é tan importante para esta comunidade...

A xente dorme no chan envolta en pallas e peles de animais coas que tamén vestían. Algúns estaban a facer os utensilios de barro, que logo cocerían ao sol. Agora estaban enteiros, co correr dos séculos quedarían cachos que alguén teimaría en colar e darlles vida de novo. Nunha das casas estaban a traballar o ferro, de alí sairían eses coiteliños tan feitos que nos deran para comer. Forxar o ferro era tamén un acto de maxia. Alí si que non ía frío.

Tiñamos curiosidade por pescudar que pasaba cos mortos, non vimos nada semellante a un cemiterio e Enrique chegara a contarnos que era un gran dilema para quen investiga descubrir que facían cos defuntos. Se tiñan algún rito funerario ou como entendían e sentían a morte.

—Como *querés* que debuxe iso? —respondeume Maitena cando lle pedín que lles preguntase, co seu método, onde ían parar os mortos. E tiña razón, era ben complicado—. Que *pensás* que son, Leonardo Da Vinci, neno?

A verdade é que todo nos gustaba e nos parecía, como é lóxico, de volta a palabriña, moi novidoso. Canto sabiamos desta nosa cultura era o que nos contara Enrique e o que nos aprenderan na escola, mais velo, cos nosos ollos era toda unha aventura, e aínda que non tiñamos idea de como ía rematar, algo en nós os tres estaba a reflectir un sentimento semellante á felicidade.

### ***Están tolos estes romanos***

Como xa eramos moi amigos e os amigos, sempre, hai que coidalos e protexelos, quixemos advertirlles aos castrexos do enorme perigo que se aveciñaba. Nós non sabiamos canto tempo faltaba para a invasión de Roma, porque tampouco non sabiamos en que momento da

historia nos atopabamos, en que ano; mais sentiámonos na obriga de advertirlles do perigo, que non era pouco: ou se sometían aos romanos ou serían botados das súas terras ou perderían a propia vida. E dábanos moita mágoa.

Así foi que Maitena comezou a facer rapidamente uns debuxos, un cachiño no bordo de cada páxina para logo pasala rápido e que parecese unha película, co obxectivo de explicarlles o que ía ocorrer.

Era moi intelixente o que facía Maitu. Dixo que collera a idea duns vídeos que vira dunha festa que se fai en Lugo, na que chegan as lexións a invadir a cidade.

Á xente pareceulle divertido ao principio. O pasar da libreta e aparecer as figuras que ían aumentando en cantidade. Rían contentos de velas, facían comentarios que nós non entendiamos, mais logo dun tempinho, cando Maitu debuxou armas de guerra, quedoulles clara a mensaxe que lles queríamos transmitir.

A nós quedounos claro, tamén, que non se ían ir do seu val, do seu lugar no mundo. Defenderíano como puidesen, ou morrerían nesa defensa, mais aquel era o seu sitio e non estaban dispostos a cambialo por outro ningún.

### ***Os reloxos de sol non funcionan á sombra***

Antes de írmonos, nunha especie de troco, as nenas regaláronlles ás outras nenas todos os seus brochiños de plástico con brillantes para o pelo. As nenas castrexas, acostumadas ao troco, que era a maneira de comerciar da súa cultura, agasallaron a Milena e a Maitena con colares e pulseiras de contas de cerámica de cores, que en parte pasaron á colección de tesouros de Maitu. A min regaláronme un coiteliño de ferro, porque se decataram do moito que me gustara. Maitena deixoulles, con bastante pena porque non podería documentar nada de todo aquilo, a súa libretiña e os seus lapis de cores. Eu quitei do pulso o reloxo que me deixaran os reis había tempo e regaleillo a un raparigo. Se cadra non entendía, mais gustoulle ver como se movían as agullas. Malo ía ser cando se gastase de todo a batería. Decateime de que alí non había reloxos, nin sequera os de sol do Museo de Lugo. E a que non sabedes como median o tempo? Sabían que o día, fixédevos que bonito, comezaba e remataba ao atardecer. E sabían tamén que había solsticios e equinoccios, aínda que non os chamasen así. E tiñan algo así coma o Samaín, que celebra a tempada das colleitas e o comezo do inverno. E non pensedes que adiviñei

estas cousas ou conseguín entender a linguaxe castrexa.

Contáranolo Enrique antes de emprendermos esta viaxe.

Mirabámonos con pena, aquilo era unha despedida longa, tampouco pensabamos que se puidese viaxar todos os días no tempo. Démonos apertas, abalanzámonos sobre a xente que respondeu sen dubidalo aos abrazos.

Ao parecer, e por sorte, trátase dun idioma universal dos afectos.

Déronnos mazás e queixo de cabra para o camiño, amosáronnos o sendeiro que levaba ao río. Decidimos nos derradeiros momentos deixarles escritos uns textos na libretiña de Maitu. Era moi difícil que os entendesen, mais non se lles escaparían os nosos acenos ao escribilos. Diciámoslles que o seu rastro perduraría até o noso presente, que farían parte do noso pensar e sentir. Que eran os nosos devanceiros.

Estabamos moi *emocionades*, que diría Maitu. A piques de chorar ás cuncas naquela despedida; no poboado, todo o mundo ollaba para nós e alzaba o brazo nun saúdo que tamén debe de ser universal e atemporal, que quere dicir sen tempo. O día viña que *vou que non vou*, parecía que ía chover, mais seica nos daba tempo a chegar a onde pensabamos e queriamos.

Andamos apenas un treito cando sentimos o cheiro característico do paxaro estrafalarío. Rozounos as testas, mais desta volta non lle caeu pluma ningunha. Foi entón que, mirando con tristeza para o val dos nosos amigos e amigas, Milena dixo con ese arrastrar dalgunhas letras entre os dentes:

—Pensar que isto vai ser algún día un xacemento arqueolóxicoooooooo. E foi volver o cheiro e o fume negro e non ides crer o que pasou.

<sup>1</sup> *A Castrexa* é un mural, unha obra de arte situada no lateral dun edificio na Ronda da Muralla, que realizou o artista lugués Manuel Pallín (Concepto Circo).

<sup>2</sup> Maitena Burundarena (Bos Aires, 1962), é unha gran debuxante de banda deseñada arxentina de recoñecemento internacional.



*Todos  
os ríos*



### **Todos os ríos, un río**

Despois do ruído, o cheiro e o fume, aparecemos os tres nas ribeiras dun río. Había tamén un bosque, mais semellaba non estar habitado. Non sabiamos canto andaramos, nin no tempo nin no espazo. Non sabiamos onde chegamos nin como saír de alí para regresar ao noso tempo.

Voume presentar, son Milena, a maior entre a miña irmá e este neno tan particular que é David. Teño doce anos e vin da Arxentina coa miña irmá visitar a nosa avoa Luz, que vive hai moitos anos en Lugo. Eu contarei agora esta historia, porque o noso David ficou un pouco triste despois de saírmos da aldea galaica, deixando unha chea de amigos e amigas que aos tres nos encantaría ter coñecido algo mellor.

Tampouco miña irmá Maitena está tranquila, verdadeiramente non sabemos onde estamos, por que pasou o que pasou e que vai ocorrer no futuro inmediato; é lóxico que ela estea inquieta e mesmo triste, parece máis vella da idade que ten porque é moi reflexiva, mais en verdade é aínda pequena.

Polo momento, decidimos descansar, non vos creades que isto de viaxar no tempo éche algo tan sinxelo e moito

menos descansado. Se soubésemos como se producen os desprazamentos, se atopásemos a maneira de dirixilos, ou, aínda que fose, de fuxir a tempo no caso de sentírmonos en perigo, teríamos entón unha tranquilidade da que non gozamos arestora. Para nós todo é unha incógnita. Cando en Bos Aires pensabamos en vir visitar á avoa Luz e divertírmonos, tiñamos en mente un concepto máis *normal* de diversión: nunca imaxináramos algo así.

—*Chiques*, podemos descansar un pouco, comer algo do que nos deron os nosos amigos do val, mais non vos distraiades —dixen eu deixando claro que era a maior e, xa que logo, a responsábel daquel mínimo grupo de viaxeiros extraviados.

—Ti onde *pensás* que estamos, Mile? Tes algunha idea? —era Maitu quen preguntaba, un pouco durmida e outro pouco acusando o seu mal disimulado medo. Maitu era moi valente e lista, mais até ela estaba comezando a sentir o cansazo e a dúbida daquela a nosa historia compartida. Eu tentei tranquilizala, aínda que teño que ser sincera: xa non posuía calma nin para min mesma.

Os nosos *celulares* estaban mortos, non daban sinal ningún, non había ren que puidésemos facer para obter algunha información respecto do mundo. Que sabiamos

nós alí? Papá e mamá quedarán na Arxentina, a avoa, en Lugo, e se, por exemplo, tívese caído un meteorito contra a Terra e o que nos estaba a pasar gardase algunha relación con iso? Non quería transmitirles a miña preocupación a Maitu e a David, mais o certo era que eu non deixaba de darlle ao maxín con pensamentos confusos e preocupantes.

—Todo vai saír ben —dixo unha voz de neno sacando a cabeza do plumífero co que se envolvera para durmir un anaco. Era David, que, se tiña medo, disimulábao mellor ca min.

Comemos, buscamos árbores para ir facer detrás deles as nosas necesidades e comezamos a andar seguindo a orella esquerda daquel río. Nunca tivemos a certeza de que o río nos levase á casa. Foi algo que se me ocorreu pola conversa co arqueólogo do museo, porén, nada estaba asegurado. A idea era, en todo caso, a expresión dun desexo.

Seguimos á lóxica, buscabamos unha outra poboación, pequena ou grande, que estivese preto daquel río. Mais iso, no caso de se producir, no intre de termos a sorte de atopala non nos trasladaría inevitabelmente á casa. Porque non tiña lóxica, xa sabedes, o concepto que nos regalara

Enrique e que usabamos coma un *mantra*. Así que só quedaba por diante o feito de andar, sen saber cara onde nin a cal momento da historia da humanidade.

Recollemos con coidado os víveres que quedaran da xente da aldea castrexa, non queríamos que se perdesse nada. Non sabíamos cando poderíamos volver comer a comida de todos os días, esa á que, tantas veces, lle fixemos xestos de noxo.

Repartimos o peso entre as tres mochilas e miramos o ceo con temor e confianza, se que estas dúas sensacións poden convivir sen se dar patadas no noso cerebro.

O ceo estaba bastante claro, a néboa até había pouco pecha, andaba a levantar seguindo os nosos pasos, coma se se esforzase en abrírmonos o camiño. Mirámonos tentando darnos confianza.

Fora todo estraño, descoñecido, absurdo se queredes, e cun lugar común no cerne das historias: viaxes no tempo, perigos descoñecidos, mais nada tiña sido horribel e non sentimos, *tantoooo*, que a nosa vida estivese a pender dun fío. Até o de agora.

David mancara algo un pé, andaba axudándose dunha pola de árbore, Maitu estaba desesperada por se dar unha ducha, e eu, a verdade, víame a piques de perder o norte.

Até que apareceu, outra vez, o cheiro, aínda máis forte, e o voo daquel paxaro impertinente que andaba a rir de nós. Voltas e voltas arredor das nosas cabezas, dedicándolle unha especial atención á de David, que xa non puido máis e botou a chorar e a apertarse contra nosoutras para que o consolásemos. Aproveitamos nós para chorar con el, aí non era cuestión de facérmonos as valentes, senón de procurar a supervivencia.

Daquela, o paxaro desapareceu de súpeto para que o seu ruído e o seu cheiro desen lugar a algo aínda máis arrepiante. A terra tremeu, o chan parecía a piques de engulirnos, o ceo rebentou en nubes de tormenta ou coma se de golpe se fixese de noite, mentres bandadas de paxaros voaban tolos cara a ningures, sen saber o que facer. Igual ca nós, só que nós non tiñamos forza para correr nin ás para voar.

Ulíase no ar que algo tremendo ía pasar e nós seríamos testemuñas. Para poder contalo nun futuro ou vítimas a morrer con aquel segredo terríbel sen compartir. Todo mudou, todo se transformou en silencio para logo ser ruído, un ruído saído do mesmo inferno.

Foi entón cando detivemos a marcha para non ser un branco en movemento. Corremos a poñérmonos a

resguardo do que fose que estaba a piques de ocorrer.

Detrás das árbores veríamos a fin do mundo ou o comezo dunha nova era. En que momento estaríamos?

Non nos tivemos que facer demasiadas preguntas: axiña comezamos a albiscar centos, milleiros de homes uniformados, todos vestidos iguais, da mesma cor, con escudos enormes que utilizarían para a defensa e tamén enormes lanzas que, se cadra, eran xavelinas, dispostos a disparalas cando lles parecese oportuno.

Tedes que perdoar o meu descoñecemento destes artefactos, non gusto nada das armas. Ademais, dende onde estabamos agochados, só víamos unha masa que, por momentos, se facía informe, de entre a que xurdían as cores vermella e negra: a morte e o sangue. Non eramos quen de entender aquela enorme mobilización de efectivos militares, mais estabamos case certos, polo que nos contara Enrique, que o que presenciabamos era a chegada dos invasores romanos a eses territorios (que aínda non identificamos), ou, polo menos, unha chegada de soldados, lexionarios, mercenarios, ou o que fosen todos eses tipos que nos puñan un medo pavoroso.

—Parece unha película —dixo Maitu moi baixiño e claramente impresionada.

—Por que *falás* tan baixo? —co ruído que meten eles é imposible que nos oian, dixeran eu.

—Polas dúbidas, pónenme moitísimo medo. A vós non?

—Si que dan medo —dixo David tapándose co plumífero.

Entón, eu tratei de calmar as augas, que calasen e que seguisen a ollar cara á distancia, por sorte estabamos lonxe deles, aquela entrada que parecía o desfile do Arde Lucus que eu vira en tantos vídeos cando pescudaba sobre a cidade de Lugo.

Estabamos afastados do continxente, agochados tras a flora do bosque, aínda que iso non nos puña automaticamente a salvo. David asomaba a cabeciña polo lateral do tronco de carballo que nos acubillaba. Embutido como estaba no seu plumífero de cor azul metalizado que o protexía do mundo, podíalle máis a curiosidade e sacaba continuamente a cabeza para albiscar o mundo. Foi cando comentamos entre nós que sentiamos ollos ás nosas costas. Habería tamén romanos por alí?

Intuíramos unhas presenzas, non sabíamos que ou quen, porén, era evidente que alguén estaba a vixiarnos e, talvez, a presenciar co mesmo pavor ca nós a entrada dos invasores. Non sei como fomos quen de conservar a calma,

vai ser que o ser humano aprende a se defender e a loitar pola súa vida, teña a idade que teña.

A sorpresa foi grande ao ver ollíños curiosos que asomaban cada tanto por entre os troncos dos carballos. As alturas diferentes delataban que había tamén nenos e nenas. Por algo, por ese sentido que se nos desenvolvera en tempo récord cando a primeira viaxe, non tivemos medo. Non nos puñan medo. Percibimos, malia a distancia, que estaban tan asustados coma nós. O medo chéirase. Xa sabiamos que non nos ían facer dano. Eran, seguramente, habitantes indíxenas desas terras, como os do val da primeira viaxe. Estaban a presenciar o perigo de extinción máis grande que viran nas súas vidas, curtas ou longas. E nós con eles e elas.

Seguimos na nosa árbore albiscando aquela masa en movemento, aquel aparello xigante de invasión e conquista, cando sentimos unha outra presenza canda nós. Algo que nos facía cóxegas onde remataban os zapatos. Unhas pequenas mordedelas á altura dos nocellos. Eran coellos, pequenos e peludos, brancos e marróns, mornos e afectuosos. Mais non era aquel un bo momento para xogar, e ben que o sentimos.

Que máis podía pasar? As pequenas lagartas que

poboaban o territorio onde estabamos tampouco nos daban medo, e iso que eran moitas e movíanse coa rapidez dun raio dun sitio para outro. Outra cousa tería sido de aparecer unha becha. Coido que non pararíamos de berrar, malia que os romanos nos ouvisen.

O certo é que, por pasar, podíannos ter pasado cousas abondo desagradábeis: podía aparecer o paxaro grande e cheirento para delatar a nosa presenza, por exemplo. Porque co paxaro tamén sairíamos do agocho. Mais, por sorte, iso non ocorreu, todo estaba relativamente calmo, co inimigo a distancia, até que a situación se puxo ben peor. Do grupo de militares marchando ao mesmo ritmo con todo o ruído a cacharrada que producían, saíron da formación correndo, cara a nós, tres soldados. Esa distancia, que pensabamos nos puña a salvo deles, era finalmente unha carreiriña de can.

Malia iso, parecía imposible que corresen dese xeito tendo que transportar tan enorme peso, mesmo era ben difícil que levasen a marcha tan cargados. Eles ollaron para nós, non estaban moi afastados. Un deles achegouse a onde permaneciamos fincados no chan en modo «torre defensiva».

O soldado era bastante novo, a súa ollada era clara e

penetrante, non moi alto e iso si, ben musculado e de complexión forte. Tiña a túnica arriba dos xeonllos, igual ca os que vemos nas *pelis* de romanos. Levaba colgada esa xavelina longa e tamén unha espada, así coma unha especie de cinto e un casco que semellaba ser de bronce, que lle cubría os laterais da cabeza e tiña pinta de ser ben pesado. Enriba da túnica, tiña posta unha armadura no peito e levaba na man un escudo de metal con debuxos que non cheguei a descifrar. Ese home era unha ferraxaría.

Falou nunha lingua que ao mellor era latín e da que, por suposto, non entendemos ren. Sinalou as nosas roupas, pode que lle producisen curiosidade, querería, talvez, coñecer a nosa orixe, mais o que lle chamara poderosamente a atención era, como non!, o plumífero de David, a quen non paraba de sinalar mentres pronunciaba palabras inintelixíbeis nun ton que ía de calmo a menos calmo. Estaba claro que quería facerse entender e que lle resultaba difícil, á súa vez, entender por que non o entendíamos.

E foi alí cando o noso amigo David se descubriu coma un ser doutra galaxia. Ao ver que o romano pretendía achegarse máis aínda e convencido, sospeito, pola crenza

de que debía protexernos por ser o varón do grupo, adiantouse, cortou o que viña sendo unha póla pequena de fento e, con toda inxenuidade, deulla ao soldado. Sen medo, cun sorriso no rostro.

Nosoutras tamén nos adiantamos para estarmos preto del. Se nos ocorría algo tráxico, sería aos tres. E, incrivelmente, o lexionario colleu o fento, enganchouno no seu casco e liscou tan rápido como lle permitía toda aquela *apeiría*, para reunirse cos seus outros compañeiros que non ían lonxe; estaban a facer pis contra unha árbore coma os canciños. El faría axiña o propio, e nós, sen decatármonos até ese intre, tamén nos fixeramos pis, só que por riba da roupa.

Foi así que entendemos que é moi doado enganar ao cerebro: o perigo acantonouno contra as cordas e o pis saíu disparado dos nosos corpos, quentiño e longo. Puxémonos perdidos.

Cando os soldados voltaron á formación, supoño que sen ser vistos, porque romper a disciplina seguro que tiña un prezo a pagar no exército do Imperio, fóisenos o medo instantáneo, mais non o medo futuro. Podían aparecer outros soldados e non se conformar cun ramiño de fento.

As cousas non estaban nada claras e o tempo ía pasando.

Falamos entre nosoutros, analizamos as posibilidades que tiñamos de chegar a Lugo, supoñendo que a poboación máis próxima fose Lugo (xa sei que isto é un contrasentido: Lugo só existiría cando triunfase aquela invasión de Roma), que, por suposto, non sería o noso Lugo. Aínda así, seguíamos sen saber nin como nin por que viaxáramos no tempo. O que non nos deixaba control



ningún sobre as nosas vidas.

Mentres tanto, a chegada da lexión ou o que fose iso que estabamos a presenciar, seguía o seu curso. Non remataba nunca. Soldados, soldados, soldados. Cantos habitantes podería haber nos castros da Gallaecia, se é que ese fose o sitio onde estabamos. Aquilo ía ser una masacre.

E, como non podíamos movernos de alí, comezamos a falar entre nós, a comentar o que sucedera, a tirar conclusións que, se non valían de nada, polo menos nos mantiñan espertos e con capacidade para tomar pequenos acordos.

—David, estiveches moi bravo —dixo Maitu, recoñecendo que, de verdade, ese xesto nos conmovera.

—Non sei, foi instintivo, rapazas. Veume á mente algo que conta miña nai da revolución dos cravos, en Portugal. Unha muller púxolle un cravo na boca do fusil a un soldado... Non sei si sabedes...

E nós as dúas sabiamos porque nos contara a avoa e até nos cantara o Grândola, Vila Morena<sup>1</sup>, mais pareceunos que a David lle encantaría aprendernos algo, por unha vez, e deixamos que el nolo contase de novo.

### ***Están tolos estes romanos***

As fileiras interminábeis de soldados seguían a pasar, por sorte a unha distancia prudencial. E nós continuabamos acaroados para non ser visíbeis. O corpo din que non atura moito tempo de pánico, así que, sen querelo, comezamos a relaxarnos. A xente que permanecía agochada tras as árbores, seguía, seguro, a ter medo. Non os víamos, presentíámolos. A nós o que nos daba medo era non saber como voltar á casa. Dabámoslle voltas e voltas ao pensamento. E partíanos a cabeza o pensar que íamos volver cando os toxos botaran uvas.

Non sei canto tempo levaríamos vendo desfilas soldados romanos, os nosos celulares non funcionaban e David deixáralle o seu reloxo a un neno castrexo. Habería que pensar que o sol víase alto, ergueito, a claridade era boa. Agora viamos mellor todo aquel campo. Ao levantar a vista aparecía a maxia das raiolas introducíndose por entre as follas do carballo, que son tan guapas. Quizais fose preto do mediodía. A única opción que nos resultaba lóxica era continuar andando unha vez rematase o desfile. Cinco mil soldados, aproximadamente, son os que tiña unha lexión, contáranos Enrique. Esta, se cadra, era maior, ou habería máis lexións, porque o derradeiro

lexionario tardaba séculos en aparecer. Despois, tentariamos lavarnos no río, por aquilo do pis espontáneo e logo seguir ruta.

Non podíamos deixar de pensar nas consecuencias que tería toda aquela maquinaria de guerra na vida dos nosos amigos castrexos, e deses outros e outras que non eran amigos porque non os coñecíamos, mais cuxas vidas estarían moito tempo en perigo. Deunos por facer un balance da situación: o que gañarían aquelas culturas, o que poderían perder.

### ***Todos os camiños conducen a Roma?***

Os romanos traerían o aceite, contáranos Enrique, os vieiros, o trazado das vilas, as construcións cadradas, o alfabeto, ou sexa a escrita, o calendario, os cultos da morte, o vidro, o diñeiro (un invento que permitiría moverse polos territorios con moedas, no canto de con pitas ou outras cousas para trocar), as calzadas, o dereito, o exército, os utensilios da cociña, a maquillaxe e una lingua común: o latín. Seguro que había máis, neses momentos, non lles tiña eu simpatía ningunha e só se me ocorrían esas. E tamén lembrei as marabillas que chegamos a ver na Sala de Ourivería do Museo Provincial

de Lugo. Esas alfaias só podían estar feitas por artesáns cunha gran sensibilidade e sentido da estética. Así que non, igual ca os primitivos habitantes de América non eran xente bárbara e sen sensibilidade artística. Todo tiña a ver coa cor do cristal co que se mirase. E cando eu falei de todo isto, Maitu, sempre tan aguda, lembrou esa *pele* dos Monty Python, *A vida de Brian*<sup>2</sup>, que lle gusta tanto ao noso papá. Rimos caladamente cantando baixiño a canción de *Always look on the bright side of life*, que nos viña nese intre coma anel ao dedo, e seguimos á espera. Entón, Maitu lamentouse de non ter a súa libretiña de notas para debuxar o que estabamos a ver.

—*Pensás* que poderías debuxar con todo o que está a ocorrer? —preguntei eu retoricamente.

—Non o sei... Cálgame... Se cadra é un xeito de protección...

—Xa os debuxaches antes, no poboado castrexo. Decátaste de que son iguais a como os debuxaches, meiguíña? Foi coma se os presentises... O que ti debuxastes, Maitena, é exactamente o que está a pasar agora. Unha ou máis lexións de soldados romanos entrando na historia para mudala. Non para ben da xente que xa vivía alí, a resistencia ía ser dura. Mais ti bordaches

as imaxes, Maitu. Ou sexa, debuxáchelas. Foi exactamente coma se as vises na túa cabeciña.

—Ou como se vise moitos vídeos do Arde Lucus...

—contestou Maitu, restando importancia a aquilo que parecía un agoiro pola súa parte.

—O que non entendo é por que non me deixaches debuxar a porta. Tamén podería ser un presentimento, non si? Se cadra era posíbel saírmos por esa porta, Mile...

—Si, coma na canción da *porta violeta na parede*<sup>3</sup>, verdade? Non che parece que iso non tería lóxica ningunha? —dixen eu algo molesta por me estar a botar Maitu a culpa de non volvermos á casa. Ou polo menos así o sentía eu.

—De que canción falades? —preguntou David, e nós as dúas cantámoslle baixiño a canción da porta violeta debuxada na parede.

E, deseguido, nós, ao noso. Non deixabamos de pelexar naquel bosque descoñecido onde non paraban de desfilas milleiros de soldados preparados para unha guerra.

—Non me deixaches debuxar esa porta, Milena. Non me deixaches.

—Vale, Maitu, de acordo. Estiven mal. Equivoqueime. Non che deixei debuxar a porta e agora non podemos afirmar ou desmentir que esa porta nos levase á casa. Foi a

miña culpa, mais...

—*Chiques*, como dicides vós, non pelexedes. Iso non axuda para nada —falaba moi baixiño David—. O mellor vai ser que tratemos de reflexionar sobre cada momento que voamos no tempo, que faciamos, que foi o que pensabamos, o que dixemos...

—Non me lembro da primeira vez... —dixen eu tratando de recordar—. Mais na segunda coido que eu estaba a falar algo da arqueoloxía, falaba de que, vénme vagamente, nese sitio, talvez algún día habería un xacementooooo.

### ***Unha muralla aberta ao mundo***

E alí de novo volveu o cheiro, o vento forte que petaba nas nosas facianas, que nos movía coma se fóssemos bonecos, o ruído tan insoportábel..., e desaparecemos daquel bosque a fume de carozo, para aparecermos noutro sitio, noutro tempo.

A nosa caída non foi excesivamente dura, mais David volveu mancar o pé que xa tiña machucado. Agora, a paisaxe era completamente distinta. O sitio éranos coñecido. Volveríamos ao noso presente?

O primeiro pensamento que tivemos foi: chocolate

quente, ducha tamén quente, inmediata mudanza das roupas, volver falar coa xente e que nos entendesen (que tería dito o romano aquel que se achegou tanto a nós?), que importante é a comunicación! E volvermos deitar na camiña da avoa despois de contarlle todas as aventuras e desventuras que vivíramos, sabendo que ela si nos ía crer. Primeiro, porque ela sabe que non mentimos; ou sexa, non mentimos moito, non mentimos máis que cando é necesario, porque ás veces é necesario para evitar males maiores. Segundo, porque a avoa é bastante inxenua, por unha banda, e, por outra, ten a cabeza aberta para entender o que non se pode razoar.

Mais resultou que nada diso ía ser posíbel a curto prazo. Nin o chocolate nin todo o demais. Porque, para volver ao noso presente, se botei ben as contas, faltaban nada menos que vinte e cinco anos.

Estabamos exactamente ao pé da enorme e impresionante muralla romana de Lugo, preto da porta de San Fernando, coñeciamos ben ese sitio. Ben, a ver, a muralla víase en anacos por riba de algo que non podía ser máis ca unha cousa que tamén coñeciamos, aínda que fose de vela en fotografías e vídeos. Durounos só un instante o de pensar que volveramos á casa porque, en realidade,

volverámos ao lugar, mais non ao tempo.

A pregunta sen resposta era se nós teríamos vinte e cinco anos máis no momento de regresar de verdade, ou se estaríamos igual que neste momento, cos nosos anos. Era unha pregunta parva, porque até o de agora, as viaxes no tempo só modificaran as mazaduras do pé esquerdo de David. Nosoutras estabamos iguais.

Alí, nos xardíns da muralla de Lugo, había moita xente, de todas as idades, que puña dous ganchos de metal nas bolsas de plástico seladas dos libros, por unha banda, e outra xente que, montada nun andamio ou de pé, colocaba os libros que xa ían tendo os seus ganchos, naquela muralla de libros que, vista de preto, parecíanos moito máis fermosa que en calquera fotografía. Era exactamente igual a como nola describira a avoa.

Cando estivera a última vez en Bos Aires fora ao noso colexio a falar do seu traballo. Estaba case todo o alumnado escoitando o que ela contaba e nosoutras, Maitu e mais eu, sentadiñas na primeira fileira de butacas. Fora un pouco antes, apenas uns días, da pandemia. As crianzas levantáranse cando a avoa Luz rematou de falar e pedíronlle que lles asinase, ou sexa, que lle puxese un autógrafo, nos cadernos, en papeis soltos, nos brazos.

Parecíanos unha loucura a Maitu e a min, que tamén nos levantamos e fomos collerlle a man a avoa moi asustadas.

Lembro que esa noite falamos con Maitena do que pasara a mañá no colexio. Eu dixéralle que me parecía unha tolemia toda aquela furia da rapazada como se a nosa avoa fose unha estrela de rock e foi Maitu quen respondeu se non me parecía importante o feito de crear unha muralla de libros. Agora entendo o que quería dicir, porque o que nos contara unha e outra vez a avoa, foi que esa muralla era importante porque estaba a ser construída pola xente. Era unha obra colectiva. E estábana a facer por amor. Por amor á muralla, por amor á cidade, polo orgullo de vivir nunha vila que gardase un tesouro semellante. Agora, por fin, empecei a entender que o verdadeiro valor das cousas está no colectivo. No que se fai porque si ou porque é importante para conseguirmos algo que nos atinxa coma comunidade. O que beneficia á xente.

Estabamos os tres impresionados. David non entendía moito do que estaba a pasar e era lóxico. Se el tiña na actualidade dez anos, nese tempo, no ano 2000 aínda non nacera. Mais como David era David e prendía nunha silveira, axiña atoparía o xeito de se integrar en toda

aqueloutra odisea.

De feito, aos poucos, xa coñecía os nomes da metade da xente (Virtudes, Alicia, Dora, Noli, Mario, Andrés e tantísimos máis), xa sabía que esas persoas ían alí todos os días a facer desinteresadamente aquel traballo, e xa comera chocolate e galletas convidado por todos os grupos.

Era, sen dúbida, o máis sociábel dos tres e se relacionara con toda esta xente nova e amigábel igual que co soldado romano armado até os dentes e que podía, se quixese, facer que morrese (literalmente) o noso conto.

David esquecera, ao parecer, o que pasara, de onde viñamos, como sairíamos de alí porque aquel tampouco non era o noso tempo, e que levabamos a saber canto viaxando, sen saber como nin por que, de época en época. El xa aprendera a poñer ganchos nos libros a toda velocidade, coma se na vida non tivese feito ningunha outra cousa. Nosoutras, máis tímidas, habíamos de esperar polos convites.

Estabamos tan abraiadas, que apenas puidemos reaccionar. A ningún lle estrañara a nosa presenza, ao parecer a moda non mudara demasiado en vinte e cinco anos ou as rapazas e os rapaces seguimos a pasar

desapercibidos en calquera época, porque non se fixaban moito en nós.

Os libros pasaban de man en man, recoñecemos algúns que xa leramos, caixas e caixas de libros que se baleiraban e volvíanse encher como por arte de maxia. As persoas que estaban a colocar os ganchos nos libros (que David descubrira que eran os mesmos ganchos cos que se collen as lousas nos lousados), eran moitas delas como as avoas dos contos, as que, no canto de calcetar un xerseí, incrustaban nas bolsas de plástico seladas os ganchiños que lles permitirían facer parte daquel tecido xigante comunitario. E facíano a unha velocidade extraordinaria.

Había tamén nenas e nenos, familias enteiras, e outra xente, máis nova, que permanecía de pé durante moito tempo para pendurar os libros desoutra muralla de metal que se creara para sostelos.

Parecíanos un soño poder estar alí e ver o desenvolvemento dunha xornada calquera. A sincronización que lograran era moi efectiva, sabían que xogaban con moitos elementos en contra, como os climáticos, por exemplo, mais teimaban en seguir até acadar os obxectivos que se propuxeran.

Destá historia, ao igual ca da invasión de Roma e as súas

lexións na Gallaecia, nós xa coñeciamos o final. A muralla romana de Lugo, que nos contou a avoa que é a única no mundo que se conserva desa época practicamente enteira e que é un orgullo para a cidade, foi declarada finalmente «patrimonio da humanidade» pola UNESCO ese mesmo ano. E a nosa avoa, que xunto con moita xente solidaria traballara tanto para rematar a obra, puido por fin descansar. Mais non moito. A avoa non lle vai tanto o de descansar.

E, por certo, a avoa tiña que estar alí. Ela contáranos que ía todos os días, agás que chovese e caese o mundo, despois de recoller dos cárceres todos os libros que os internos embolsasen e selasen nunha xornada. A avoa sempre dicía que sen a xente que puña os ganchos, a que penduraba os libros e a que embolsaba e selaba nos institutos penitenciarios, non se podería ter feito o CUMULUM. Que era como se chamaba a obra da avoa e quere dicir: Cultura, Muralla, Lugo, Milenio. Porque ese ano, en realidade o seguinte, non só mudaba o ano, tamén mudaba o século, o que era algo transcendente.

—*Mirá*, Mile. Aquela que está alí falando polo celular non é a avoa Luz?

Eu dubidei, si que parecía a avoa Luz, mais era moito

máis nova, e até gardaba un certo parecido coa nosa mamá.

O noso primeiro impulso era saír a fume de carozo a darlle unha aperta ben gorda á nosa avoa, mais ao vela tan distinta, cun micrófono que lle puñan para responder unha entrevista, rodeada todo o tempo de persoas para nós descoñecidas, pensamos achegármonos a ela cos pés de lá e pescudar se era quen de recoñecernos.

Quedamos a súa beira, agardando un sinal ou algo que nos dese pé para poderlle falar, mais a avoa seguía respondendo as preguntas das e dos xornalistas e as de toda a xente que lle preguntaba calquera cousa. Ao parecer, aquilo era moi semellante todos os días.

—A avoa non nos recoñece, Mile —dixo Maitu tristeira. E eu fixelle un xesto para que calase a boca. Logo, bisbeille baixiño no ouvido:

—Lóxico, Maitu. Como nos vai recoñecer se aínda non nacemos? É o ano 2000, faltan doce anos para que naza eu e case quince para que nazas ti. Decátaste?

Mantivémonos moi preto da avoa, caladiñas, agardando, até que ela, que estaba todo o tempo respondendo entrevistas e chamadas telefónicas sen parar, reparou en nós:

—Que nenas máis fermosas! De onde vides?

E nós as dúas mirámonos como preguntándonos que era o que tocaba dicir. O camiño máis curto e máis lóxico e máis honesto sempre é o da verdade. Nesta ocasión, tocaba unha verdade a medias.

—Vimos da Arxentina, somos de alí. Estamos a visitar a nosa avoa Luz —dixen eu en nome das dúas.

—Ah, con razón sodes tan lindas. Sodes galegas e arxentinas, unha boísima mestura... Onde está a vosa avoa, que se chama coma min?

—Quedamos aquí con ela, esperaríamos aquí até que ela viñese —improvisou Maitu. Vedes que ás veces algunhas mentiriñas preveñen catástrofes? Como lle íamos dicir a aquela muller que eramos as súas netas, se ela aínda non tiña neta ningunha? Era demasiado complicado para entender.

—Vale —dixo ela—. Se queredes podedes achegarvos a algún grupiño e poñer ganchos nos libros. Ou colgalos sen subirvos aos andamios, que pode ser perigoso, aínda sodes pequenas. Por certo, quen é a vosa avoa? Pregunto porque as vosas cariñas sóanme de algo, non sei, alguén que coñezo...?

Nós fixémonos as distraídas, porque non tiñamos

resposta. Felizmente, chegaron para anunciarlle a avoa Luz que viña un equipo de baloncesto de non sei onde, un grupo escolar moi numeroso e unha asociación de amigos de non sei que cousa.

Era un día calquera. Claramente verán, sobrábanos algo de abrigo que fomos deixando sobre o céspede. A avoa tivo que saír recibir ós que chegaran e nós seguímolos. Era o que nos parecía máis lóxico (e xa sei que falo moito da lóxica, é un concepto no que quero afondar). Sería lóxico ir tras da avoa que non sabía que era a nosa avoa por todo aquel espazo cheo de libros, xornalistas e persoas traballando nos libros? Non o sei, non o sabíamos, non nolo preguntamos. Simplemente, seguimos á avoa, porque era a nosa avoa, aínda que ela non o soubese.

E así estivemos bastante tempo. Seguindo polos xardíns da muralla á avoa Luz, que non paraba de falar cun celular cunhas pintas rarísimas. Ela debeu de acostumarse a vernos ao seu carón e nun determinado intre colleunos dos ombreiros. Coma se nos coñecese de toda a vida. Cousa que era imposible. Aínda que tamén eran até o de agora imposíbeis as viaxes no tempo. E nós eramos a proba de que o imposible, ás veces, non era tan imposible.

Nós estabamos encantadas. Raras, si, sentiamos que

aquela situación era rara, mais aquí non había perigo ningún. Así que acompañamos a avoa recibindo e recibindo xente que non paraba de chegar de todas partes, até que vimos que David viña correndo entre o xentío e chamando por nós.

—Sabedes que xa aprendín a poñer os ganchos e que o fago rapidísimo? Sabedes que esta xente está a traballar sen cobrar un can para conseguir que a muralla de Lugo sexa Patrimonio da Humanidade?

—Como non o imos saber, David, se a que está a dirixir esta obra, a quen se lle ocorreu facela, a responsábel de todo é a nosa avoa Luz? —dixo Maitu, coma se iso fose o máis lóxico do mundo e David tivese que sabelo.

—Aí, si? Que casualidade, non? E logo onde está a vosa avoa? Quen é?

—É aquela muller de camisola violeta e pantalón negro que conversa coa prensa. Vela alí? —sinalei eu.

—Ah, que ben, saudáchela? Recoñeceuvos?

—Si que a saudamos, mais obviamente non nos recoñeceu, David. Nós tardaremos uns cantos anos máis en nacer. Ela non nos coñece —dixo Maitu.

Entón, decidimos que aquilo era sumamente fermoso, mais que a avoa Luz de verdade, é dicir a do noso tempo,

e Helena, a pobre nai de David, estarían sumamente preocupadas por nosoutros vinte e cinco anos despois de todo aquilo, na nosa realidade. Xa que logo, era hora de pensar como voltar á casa.

Sentámonos un anaquiño coa xente, comemos o que nos convidaron: galletas e zumes de froitas, tivemos dificultades para esquivar as cagadas dos cans, das cales non eran precisamente os cans os responsábeis (non había sitio onde sentar que non houberse cagadas de cans, e toda esa xente pelexaba coa negligencia de moitos e moitas que tiñan animais e non recollían as súas feces nos espazos públicos), puxemos algúns ganchos como nos aprendeu David, porque aquel momento era histórico e así o entendemos. Aproveitamos para falar coa xente a quen lle encantaba o noso galego co *sotaque* do río da Prata, porque levabamos a saber canto tempo sen poder falar con alguén que nos entendese, e gozamos tamén do momento, porque aquel momento era moi especial e, con seguridade, ía ser lembrado por moita desa xente durante anos.

E repasamos como viaxaramos dos momentos da chegada dos romanos ao ano 2000. Tiñamos que atopar que cousa nos trasladaba no tempo. A verdade é que non tiñamos desexo ningún de deixar aquel sitio, aquela xente,

a nosa avoa tan nova e tan activa. Non daban ganas, mais había que facelo.

E foi nese intre cando pasou ben inimaxinábel.

Un home novo, que nós coñeciamos moi ben, veu coller libros das caixas para pendurar da muralla... E a que non sabedes quen era?

—Maituuuu! —dixen eu termando forte do brazo da miña irmá—. *Mirá* quen é?

—Papáááá... —berrou Maitena chea de abraio.

E o home, que era moi guapo, deuse a volta e nos saudou coa man, amigabelmente, sen ter idea de quen eran esas rapazas e por que unha delas o chamaba papá. Alí tamén tocaba non afondar no tema... Nós sabiamos que papá, por entón o noivo de mamá, viaxara a Galicia e axudara un pouco á avoa e a tanta xente a construír unha muralla de libros.

Todo iso era extraordinario. Chegamos ver o noso pai cando era moi novo, estaban a ser emocionantes estas viaxes. Entón volvemos pensar: pensamos, pensamos, con bastante medo porque o traslado a unha outra época, no caso de dar coa clave, non necesariamente tiña que ser o correcto, recordamos, un pouco entre os tres, que eu dixera unha palabra que a David lle causara gracia

porque dicía que nós arrastrabamos os y gregos até soar estirados e longos. Mais dixeramos nese tempo do que non podíamos precisar a súa extensión moitas palabriñas con y. Sería unha palabra o talismán capaz de facernos viaxar polo descoñecido para arriba e para abaixo?

E Maitu e mais eu repetimos moitas palabras con y até que apareceu a verdadeira. Téñovos que confesar que dende un comezo pensei nela, tiña case seguro no meu maxín que sería ela, mais dárame medo pronunciala. Onde nos levaría?

Así que, finalmente e encomendando toda a nosa sorte ao universo, díxena: x a c e m e n t o o o o o o o. E aló foi todo de novo, calcadiño, coma sempre. O cheiro, o fume, o ruído a botellas rotas ou a latas estrelándose unhas contras as outras.

E queredes saber onde caemos? Para iso teredes que seguir lendo a seguinte historia.

<sup>1</sup>Grândola, Vila Morena é unha canción composta por José Afonso, escollida polo Movemento das Forzas Armadas (MFA) para ser un sinal da *Revolución dos Caraveis* de Portugal. Fai referencia á fraternidade entre as persoas de Grândola, no Alentejo, e fora prohibida pola ditadura portuguesa. Na madrugada do 25 de abril de 1974 a canción foi retransmitida na Rádio Renascença para confirmar o inicio da revolución. É un símbolo da democracia en Portugal.

<sup>2</sup>A vida de Brian (1979) é unha longametraxe do grupo de comedia inglés Monty Python. Trata da historia dun xudeu que nacera o mesmo día que Xesucristo e é confundido con el. É un filme emblemático, con cancións tamén emblemáticas como «Always Look on the Bright Side of Life» («Mira sempre o lado positivo da vida»).

<sup>3</sup>*La puerta violeta*, canción da cantante e compositora Rozalén (Albacete, 1986) contra a violencia machista.



*A volta à  
casa?*



avoa, no que nosoutras, que atravesabamos por primeira vez o mar, tivésemos que vivir unha serie de circunstancias que engadisen viaxes de balde por territorios e tempos descoñecidos. Así que non, nada de facer probas con palabriñas que nos fixesen perder o pouco control da situación que acadáramos. Porque, do que tamén nos decatamos, foi de que non só era a palabra, senón... ta, ta, tatán...: o xeito de pronunciala. Caprichiños dos *sotaques*!

No Río da Prata temos unha maneira de falar que vén das moitas linguas que se faláron durante séculos neses territorios e das linguas dos pobos orixinarios, que foron relegadas coa chegada dos conquistadores españois á lingua que estes traían de seu e espallaron polas terras conquistadas.

Hai quen di, é unha teoría, a min encántame coñecer e falar destas cousas das que case ninguén fala, que esa a nosa pronunciación arrastrando os y gregos vén do galego-portugués. Xa sexa a través do Brasil, xa sexa a través das moitas ondas migratorias de galegas e galegos durante séculos.

Tamén temos moita influencia do italiano e doutras linguas coma o francés, o ruso, o polonés, que se foron acomodando nunha fala popular que se deu en chamar

lunfardo. Mais esa pronunciación do y grego, a nosa *she*, só podería vir da única lingua que se falou alí e que a ten e a conserva: o galego-portugués.

Existe tamén ese son no inglés, mais non para o y grego, e, ademais, aos ingleses botáronnos os veciños de Bos Aires e Montevideo con potas de auga e aceite fervendo que lles tiraron dende as fiestras. Ou iso di a lenda urbana que aínda se conserva dende 1806 e 1807. E agora sen bromas, Bos Aires foi unha colonia inglesa durante corenta días. Aprendéronmo na escola. Isto puido ocorrer porque a xente poderosa se rendeu fronte aos invasores (e até lle agasallaron con doce de leite en fontes de prata que os ingleses *mangaron*, que quere dicir apropiaron, despois de comer o doce) e foi coma sempre o pobo quen tivo que poñer as cousas no seu sitio. Así que as mulleres, cando non, decidiron organizar a resistencia contra os ingleses e foi na tenda de licores de Martina Céspedes (todo o mundo sabe canto lles prestan aos ingleses os licores) onde se produciu a maior captura de oficiais ingleses durante o conflito. Sabedes que fixo esta heroína? Atendeu os oficiais dun en un, embriagounos, atounos e empuxounos ao soto onde os pechou. Doce oficiais ingleses capturados, até que se organizou nos suburbios da cidade a chamada

«reconquista», e os ingleses foron derrotados. O malo foi que ao ano seguinte os ingleses, que non soportaban a derrota, mandaron un exército formado por 14.000 homes, a metade da poboación de Bos Aires. E sabedes que ocorrera polo medio? Bos Aires preparárase para a súa defensa. As e os porteños non dubidaban de que os ingleses ían volver invadir. E se forman as milicias de andaluces, cántabros, cataláns e galegos (o Terzo de Galegos, formado por cincocentos homes), ademais dos terzos de «pardos e morenos», que eran indíxenas e negros escravizados que pelexaron na defensa de Bos Aires e pola súa propia liberdade. Toda a veciñanza preparada para recibir os ingleses: francotiradores nas azoteas das casas, potas de graxa fervendo (o aceite era moi caro) dende os balcóns e nas rúas, os nenos enfrontándoos a pedradas. Sabedes que ocorreu? Non só se conseguiu a rendición dos ingleses, senón que ese pobo que tivo que se armar para combater sen axuda o invasor, empezou a pensar que tamén podía se liberar de España, e tres anos despois comeza esoutra revolución.

Non era a miña intención falar disto, quero contar a terceira historia. Tratarei de describir este momento o mellor que poida. E claro que podedes preguntar ou

suxerir alternativas. Gústame moito todo o participativo.

Ben, imos aló. Cando Mile dixo a palabriña que non pronunciarei por razóns obvias, aterramos de novo no punto de partida. Lembrades que estabamos no Museo Provincial onde atopamos a David e ao arqueólogo Enrique? Alí, na Sala da Ourivaría, foi o comezo de todo.

Aínda que non, facendo memoria, a cousa comezou antes, no claustro, cando irrompeu como do nada aquel paxaro horríbel que nos puxo tanto medo. Veredes, estou tentando levantar os puntos da calceta, como di a avoa Luz, e teño para min que o devandito paxaro (lembraredes que aparecería despois no poboado castrexo e nos obrigaría, xunto coa tormenta, a agocharnos para pasar a noite e máis tarde, cando perdeu unha pluma), sempre está aí coma una estraña ameaza. Decatádevos? Pois eu presinto que o *bo do bicho*, que non semella ter moito de bo, non aparece en certos momentos por pura casualidade. Algo terá a ver el coas viaxes no tempo, con como se desenvolven as nosas historias e, fixédevos o que vos vou dicir: teño a teoría de que algunha cousa nos quere dicir. Que quere transmitirnos algunha mensaxe. Ao seu xeito tolo e agresivo ten unha mensaxe para nós.

Ben, non me distraio máis. Imos aló. Chegamos desta

viaxe dende o ano 2000, onde vimos a avoa e o noso papá ao pé da muralla de Lugo rodeada por unha muralla de libros, ao Museo Provincial de Lugo, xusto á porta da fermosa Sala da Ourivería.

Pensamos en percorrer o museo pola nosa conta, xa non estaba Enrique, cargar os celulares no primeiro enchufe que atopásemos logo de pedir permiso para facelo, ver se alguén nos daba algo de comer (parece que as viaxes no tempo producen fame), chamar á avoa... E, sobre todo, algo que resulta de moita importancia: indagar se estabamos na nosa época ou aínda quedáramos suspendidos nun recuncho de calquera tempo pasado, que non sempre fora mellor... (porque, até o de agora, nunca fixeramos incursións nos tempos futuros e nin falla que facía, digo eu). Pois ben, todo parecía indicar que era o 2025, e non me preguntades por que, xa que non era máis ca unha percepción que era preciso comprobar.

Andabamos os tres ollando como distraídos as pezas daquela Sala, cando chegou un pequeno grupo moi barullento de rapazada. Mais ou menos das nosas idades. Viñan cunha guía, unha rapaza nova moi simpática chamada Verónica, que nós xa coñeciamos doutras visitas ao museo.

—Ola, Milena e Maitena —dixo Verónica—. Que facedes aquí? Estades soas? Onde vai a vosa avoa?

A verdade era que non sabiamos que responder. En realidade, o que queríamos facer os tres era preguntar. Mirámonos uns segundos entre nós, procurando respostas, e o único que tiñamos eran preguntas. Porque sería ben estraño que a alguén lle preguntasen que ano era aquel. Non era unha pregunta moi lóxica para unhas



nenas e un neno non tan pequenos, así que decidimos, tacitamente, seguir a corrente a Verónica e agardar por algún outro sinal. Se non era o noso presente, de certo non andariamos demasiado lonxe del, mais era ben importante termos certezas. Esperade, esperade, xa recibíramos ese sinal: Verónica non podería termos coñecido antes do 2025, esta era a primeira vez que atravesáramos o océano naquel avión que nos trouxo até aquí (mellor dito até Compostela). Ou sexa, que si, que si, que aterráramos, por fin, no noso tempo, non había dúbida ningunha. E que con tantas continxencias xa tiñamos as neuronas mareadas.

### ***O camiño á casa, ou case...***

—Chiques!, decátastevos de que chegamos á casa?  
Estamos no 2025 —dixen eu feliz desa dedución— De non estarmos no 2025, Verónica non sabería quen somos. Ela reconeceunos...

—Claro, ese era o sinal que esperabamos, que ben!  
Temos que chamar á avoa —dixo Milena.  
—E eu téñolle que contar a miña mamá que cheguei—  
dixo David ilusionado.  
—Esperade, esperade un momento. Se cadra ninguén se

decatou de que faltamos —dixen eu, pensando seriamente en que todo aquilo era unha grande incógnita. E iso podía ser verdade. Dentro das posibilidades das nosas aventuras imposíbeis (e xa sei que isto é unha contradición) atopábase a de que de todo aquilo só tivéssemos conciencia nós os tres. Se cadra ninguén estaba preocupado por nós, simplemente porque non notase a nosa ausencia. E tanto Mile coma David opinaron que o prudente era agardar até saber máis do tema. Até desenguedellar aquel rarísimo novelo.

Verónica levaba o grupo, ao que nós nos anexáramos, a un roteiro literario dos que organizaba o museo e íamos directos á Sala de Arte Galega, onde hai unha chea de obras de autores e autoras galegas (en fin, autoras bastantes menos, ou sexa, perdón polo reiterativo: moitísimas menos) das que nos ía contar cousas que resultarían moito máis interesantes de podermos mudar a roupa que viña mexada dende a invasión de Roma, e se alguén nos proporcionase algo quentiño para meter no corpo. Mais habería que ir amodo, que nin Roma nin nada se fixera nun día.

Decatámonos de que Verónica non coñecía a David, estrañounos, mais non lle demos importancia, porque o

fundamental era saber que estabamos no ano 25. Iso xa era un motivo de festexo. Que podería saír mal? Así que seguimos coa máxima atención á nosa guía; coñeciamos moitos dos autores porque os viramos no cole ou lles ouvimos falar deles, delas, a mamá, que é unha experta en arte, ou a avoa Luz, e tratamos de pasar desapercibidos.

—Una cousa —dixo David que era moi reflexivo e que lle gustaba chegar ao fondo de todo—. Vos non saberíades de antes todo isto de viaxar no tempo, non si?

—E logo por que preguntas iso, David —respondín eu—. Ti pensas que de coñecermos o mecanismo que nos impulsaba, pasaríamos o medo que pasamos cando a chegada das lexións romanas? Ademais, nós nunca te enganaríamos. Non somos case nada mentireiras.

—Non, claro, perdoad, rapazas. Non é que desconfie de vós, e que, como non entendo nada, estou a procura de explicacións. Fixádevos que cheguei pensar que no canto de facer a viaxe en avión dende Bos Aires, viñerades así... cunha palabriña...

—Ah, iso si—dixen eu ollando para Mile e tratando de que ela me seguise a corrente—. Esa viaxe foi así... Imaxínate, tiñamos que aforrar dous billetes que non son nada baratos...

—En serio? —preguntou David entre sorprendido e anoxado— Entón é verdade que me enganastes todo o tempo...!

E foi cando lle dixemos que era unha broma, nada máis ca iso. Que ambas as dúas descubrimos a posibilidade de movernos dunha época a outra había un día, dous días, tres días, canto tempo en realidade...? Era imposíbel calcular ese tempo. O tempo que pasara dende o momento que comezara todo.

—Non, David, estabamos a facerche unha brincadeira porque pensabamos que desconfiabas de nós...

E íamos así, falando baixiño, tentando non molestar a comprensión do que contaba Verónica, cando chegamos á Sala 16, dedicada á pintora luguesa Julia Minguillón, onde Verónica nos explicou o que significaba esta artista e a súa obra.

—Por que non hai unha sala dedicada a Maruja Mallo? —preguntei eu por puro impulso, aínda que xa coñecía o motivo, porque a nosa mamá é unha experta na obra desta artista, tamén nada en Lugo como Julia Minguillón (só que en Viveiro). Ambas as dúas e por diferentes motivos acadaron moita atención no seu momento e até o presente, grazas ao seu talento. Mile e eu eramos fans de

Maruja Mallo, unha artista extraordinaria.

—Porque non temos abonda obra de Maruja Mallo, Maitena. Só temos dela seis obras, non son suficientes para facer unha sala...

—Pois vaia mágoa —replicou Milena.

Fomos un por un nos cadros de Julia Minguillón, que teño que dicir que estaban moi ben pintados (sobre todo, había unha gran calidade de debuxo neles), mais a min deprimíronme bastante. Era, sen dúbida, unha grande artista, mais víase ben que sufría moito, canto pintaba deixaba ver ese sufrimento. Eu sei moi ben que o que debuxamos ou pintamos fala moito de nós. E esa muller era fundamente triste.

—E esta é a famosa obra chamada a Escola de Doloriñas —dixo Verónica orgullosa, seguramente, de ter ese cadro no museo onde ela traballaba—. Nesta obra a autora quere representar unha escola das que chamaban «de ferrado», porque a familia tiña que pagar o equivalente a un ferrado de centeo, millo ou trigo ao ano, polo estudo dos seus fillos e fillas. A obra chámase *A escola de Doloriñas* porque a mestra era Dolores Chaves (Doloriñas). O alumando ten diferentes idades, o espazo é pequeno e pola fiestra pódense albiscar os montes

circundantes da aldea de Vilapol onde ficaba a escola... E continuaba Verónica contándonos cousas daquel cadro. Que se levara un premio moi importante en 1941, na posguerra, que se a autora observaba pola ventá cando camiñaba pola aldea o que ocorría dentro da escola, que se perdera un fillo (e talvez por iso, digo eu, pintara cousas tan deprimentes)...

Moita información, mentres eu facía os meus propios comentarios internos sobre aquela obra fermosa e triste. Observei que puña en evidencia a miseria que se vivía nese tempo. Ningunha das crianzas da Escola de Doloriñas parecía feliz. Eu non vía nese cadro nada semellante á felicidade, á ledicia, que na infancia non precisa de moitas razóns para se manifestar. Vese nas expresións das súas facianas. Aínda que levan as súas mellores roupas (e van peiteadas como para unha grande ocasión), estas son ben pobres; alí non hai zapatos para as crianzas, só zocas, ás veces calcetíns. A mestra é vella (dígoo só como observación, talvez para xustificar o seu aceno de cansazo) e ten unha clara expresión de severidade e tristura. Sobre a súa mesa aparecen un libro aberto e unha vara de madeira, coa que seguramente mazaría nas crianzas cando o considerase oportuno.

O cadro está pintado coma se se vise dende arriba, cousa que tamén ocorre noutras obras desta autora. O alumnado está composto por nove rapazas e tres rapaces coas mesmas expresións tristeiras. E, se ben é certo que ás veces a escola nos muda para mal as expresións, aquí é tan unánime que non pode ser adxudicado só á escola. É a miña pequena análise, e que conste que este cadro me parece o mellor da sala. Son unha nena, xa o sei, mais teño sentido da estética porque me encanta debuxar dende moi pequena e teño moitos libros de arte e vin moitas exposicións.

Estaba eu absorta nos meus pensamentos sobre o cadro, a autora, a tristeza das crianzas e a posguerra, cando Mile bisbou no meu ouvido:

—*Sabés* que, Maitu? Encantaríame ter coñecido esa escola...

E o peor foi que David a escoitou.

—Poderíamos dicir a palabriña e viaxar a ese tempo...

—dixo o moi inconsciente.

—Non, David, como podemos asegurar que a palabra nos leve a ese tempo que, por outra banda, era un tempo horríbel? Non ves a cara de todas estas crianzas? Para que quixeríamos viaxar alí? —dixo Mile anoxada e coa voz

non tan baixa—. Estamos aquí, na nosa época, con todo o que nos custou. Poderemos chamar axiña a nosa avoa e a túa nai. Non fagamos probas.

Mais David xa non escoitaba ren. Eu penso que Mile o tiña fascinado e coma ela fora precisamente quen uns segundos antes manifestara un desexo, el non pensou en máis nada que en compracela.

—Xacemento, xacemento, *Shacemento* —pronunciou teimudo David até imitar a nosa fala. E todo volveu ocorrer. Todo o que non queríamos.

O fume desta volta non foi escuro. Os tons que nos envolveron foron verde oliva, grises cincentos, lilas, coma os da paleta de Julia Minguillón. E o cheiro era a herba e a campo e a natureza.

### ***Cando non queres chocolate, aló van dúas cuncas***

Alí estabamos, dentro do cadro ou dentro da escola.

Tampouco tiña moita importancia porque as dúas cousas significaban o mesmo: que viaxáramos de volta no tempo.

Á Galicia rural de 1940, apenas rematada a guerra. *Mima!*

—Estamos dentro do cadro —dixo moi baixiño Mile case chorando—. Decátaste, David, da parvada que fixeches?

—Témonos que agochar, *chiques*. En canto nos vexan vai ser terríbel —dixen eu tamén preocupada.

—Es un *boludo*, David —dixo Mile collendo a manga do seu plumífero e tirando do seu brazo—. Un *boludo* total, amigo. E o que pase agora vai ser a túa responsabilidade.

—*Pará*, Mile, non o fixo por mal —dixen eu para calmar as augas—. Agora o que temos que facer é ver como saímos de aquí, a ser posíbel enteiros...

David tratou de desculpase dicindo que interpretara o desexo de Mile, pediunos perdón ás dúas, e, como era imposíbel estar moito tempo anoxada con el, démoslle a man e arrastrámolo para un recuncho tratando de non facer ruído. Só que xa era tarde de máis.

—Quen sodes e que facedes aquí —berrounos a famosa Doloriñas; a nós non nos saían as palabras...

—De quen vides sendo? Por que ides vestidos tan estrambóticos?—seguiu berrando e achegándose perigosamente a nós.

E fomos inmediatamente rodeados polas crianzas daquela escola que parecían ter moita curiosidade por nós, que non eramos quen de pronunciar unha palabra.

A mestra levaba a vara na man e xogaba con ela, pasándoa dunha man á outra... Eu penso que nese intre

tivemos máis medo que cando comezaron a chegar as lexións de romanos. Polo menos, aqueles estaban máis lonxe...

—Non vos vou repetir a pregunta? Quen sodes e de onde vides? —berrou de novo a boa da Doloriñas.

Non sei que esperaría que contestásemos. Somos de continentes distintos, viaxamos no tempo pronunciando unha palabriña que David tería que se ter comido e que non sabemos con certeza, no caso de dicila outra vez, se nos transportaría ao noso presente, ao tempo e o espazo de onde nunca teríamos que ter saído. Que podíamos responder? En realidade vimos do ano 2025... Non, nada diso tiña sentido neste intre. Así que teimamos en ficar calados e collidos das mans.

—Seica non tedes lingua? —volveu berrar a mestra.

—Comeulles a lingua o gato, comeulles a lingua o gato! —animáronse a berrar algunhas crianzas.

E nós claro que tiñamos lingua. Iso si, totalmente esmagada e de cor violeta de tanto apertala cos dentes contra o ceo da boca.

Cando a mestra estivo xunta nós e xa esperabamos ver caer ese pau temíbel nas nosas mans (mellor nas mans que noutra parte do corpo), o neno máis grande achegouse

a David para apalpar o seu famoso plumífero azul metalizado e, como David fixo coa man o xesto de que apartase, colleuno polo colo do plumífero e levantouno do chan coma se fose un gatiño. Aquel rapaz era moito máis grande ca David e tiñas as mans marcadas polo traballo duro. Mentres David estivo pendurado do ar e nosoutras termabamos das súas pernas para baixalo, o rapaz ollaba para a mestra procurando instrucións. Que debía facer con David?

Mais a mestra non lle facía caso ningún e continuaba preguntándonos aos berros que de onde viñamos, que quen eran os nosos pais, que por que levabamos zapatos..., só lle faltou cheirarnos e berrar diante de todas as crianzas que ulíamos a mexo. Até que, nun determinado momento, se debeu cansar de berrar sen ter resposta e decidiu (cando xa estabamos a piques de mexar por nós de novo) cambiar de táctica. E foi que o rapaz maior dos pantalóns que non lle chegaban aos nocellos, soltou de golpe a David que petou co cu no chan e, coma non, laiouse.

—Sentádevos —ordenou sinalándonos coa ameazante vara—. Xa falaremos.

—Onde? —preguntou David vendo que non había pupitres baleiros.

—No *chaaan*.

E a famosa Doloriñas golpeou no chan coa vara, apenas a medio milímetro das nosas pernas, nós choutamos á vez e, sen pensalo, deixámonos caer no chan coma se fose a única saída, mentres o rapaz máis vello vestido de verde, cos pantalóns que non lle chegan aos nocellos, repregábase co grupo até os seu sitios primitivos, coma se estivesen a pousar para unha *selfie* (ou para que unha mestra da arte os pintase e os fixese inmortais). Logo, ela volveu ao centro da aula e seguiu a lección coma se nada, coma se non existísemos, coma se non tivésemos caído alí por unha palabriña do demo.

A mestra falaba nunha lingua que mesturaba o galego con a saber que outra que tentaba parecerse ao español; entendiámola bastante mal. As nenas e os nenos repetían coma papagaios o que ela dicía. E nós, sen comprender ren. Seguíamos a ser crianzas e a estarmos, de novo, perdidas, nunha escola que estaba moi lonxe de ser a nosa.

A señora Dolores continuaba coa súa explicación de non sei que cousa. Nós estabamos relegados a un recuncho da sala, sentados sobre o húmido chan de terra, e, ademais de cansos, con fame, sucios e con medo, non entendíamos un pataco do que aí se falaba, ou do que, en realidade,

estaba a falar a mestra mentres as crianzas repetían coma loros. E foi entón que volvemos estar en perigo. A mestra, ao parecer impartindo unha lección de xeografía mentres nos observaba de esguello, dixo algo de Castilla la Vieja, Castilla la Nueva e Vascongadas, e David, sen pensalo, movido por ese sentimento de sentidiño ou de falta de sentidiño que o impulsaba, berrou dende o sitio no que estabamos.

—Xa non se chaman así!

Mi madriña, a que se montou en nada. Os rapaces atrevéranse a falar e mesmo a berrar, todo se movía ao noso redor, a señora Doloriñas, co pau na mans, dirixiuse berrando cara a nós, cunha expresión que puña tanto medo que comezamos os tres a berrar: *shacemento, shacemento, shacemento*, con toda a forza das nosas gorxas. Até que deu resultado.

### ***A aventura e o perigo non piden permiso, dentro ou fóra da fortaleza***

Logo nos preguntabamos se na pintura da Escola de Doloriñas tería habido nalgún momento tres crianzas máis, dúas nenas asustadas e un neno louro cun plumífero de cor azul metalizada. Unha broma que nos traíamos

entre nós, porque sempre que se poida hai que meter en todo o humor.

Porén, a realidade foi que caemos os tres enriba de nós mesmos, entre o fume e o cheiro que, agora, viña cun engadido: a pólvora. O ar ulía a pólvora. E a lume.

Estabamos os tres moi preto do que semellaba unha torre e non nos atreviamos a dar un paso. Alí pasaban moitos homes correndo, parecían soldados polas armaduras e polas armas.

Desta volta estabamos asustados de verdade. Aquilo non aparentaba máis ca un escenario de guerra. Unha guerra afastada no tempo.

—Maitu, David —balbuciu Mile tratando de agochar o medo—. Temos que ser moi coidadosos, isto non ten boa pinta. Polo pronto, non nos movamos até sabermos onde estamos e o que está a ocorrer. Cheira a lume, está a pasar algo gordo. E xa sabedes, sempre podemos dicir a palabra, só que, coma nesta viaxe, non sabemos a onde nos vai levar.

Démonos unha aperta tratando de animarnos e protexernos, cando algo impactou contra o exterior da parede desa torre na que caeramos e nos acubilláramos. Foi un golpe seco. Asustámonos moito. David comezou

a chorar e nosoutras tamén tiñamos ganas de deixar saír as bágoas a cachón. Mais non era o momento, non nos podíamos render, habería algún xeito de saírmos dese recuncho da historia que metía tanto medo.

A parte superior da torre caera coma se fose a dun castelo de area. Un anaco ben grande dela quedara ao descuberto. E nós, movidos polos nosos músculos que por sorte estaban atentos, puidemos apartarnos a tempo.

Alí, no que parecía a parte superior dun castelo ou dunha fortaleza, a xente corría coma tola en todas as direccións e tiñamos que chimpar constantemente do seu camiño. E, sabedes que? Tampouco alí, e se cadra por sorte, ninguén reparaba nestas tres crianzas perdidas.

Nun momento, pareceu que se acadara algo de calma, seica unha tregua. Así que nos erguemos e ollamos cara a abaixo, para volver protexernos axiña coas paredes que aínda ficaban en pé. O que se vía era unha fosa e unha chea de xente tentando manter o lume que prenderan con trapos, seguramente coa intención de queimar aquel castelo. Había que saír de alí, íamos morrer queimados!!!

Os ruídos e os golpes non paraban. A xente dentro e fóra da fortaleza berraba sen parar.

—Temos que saír de aquí —dixo Mile—. Procurar un

agocho máis seguro. Así que, en canto pare un pouco de pasar xente correndo, á de tres, nos erguemos xuntos, sen separarnos en ningún momento, e imos ver de atopar un sitio menos perigoso. Acá nos poden caer proxectís dos que están a lanzar todo o tempo.

Nós asentimos, precisabamos que alguén tomase algunha decisión e aquela parecía ter sentido. Xa que logo, aproveitamos para fuxir do lugar en canto minguou un cacho o ir e vir daquela xente, que parecía unha tropa, parte dalgún exército.

Onde estaríamos? Preguntámonos continuamente. Se coñecésemos a circunstancia histórica sería moito máis doado saber o fin e tomar decisións.

Movémonos como puidemos por aquel castelo, tratando de non chamar unha atención que ninguén nos prestaba. Eramos coma invisíbeis. Mais nós sabemos que non eramos invisíbeis, que nos viran os amigos castrexos, os lexionarios mexóns, a *profa* de tan mal xenio, Verónica, e aínda que non nos recoñecesen: a nosa avoa e noso papá. Non, dende logo invisíbeis non eramos.

O que quedaba da fortaleza despois da destrución que chegaba de fóra e a que se producía utilizando tapices e mobiliario para procurar a defensa, era aínda fantástico.

Igualiño que nos libros de historia e nos de contos. Mágoa non podermos relaxar un pouco para gozar algo, unha miga, daquela aventura...

Metémonos por corredores, estancias enormes aínda cheas de cadros e luxos que cada vez viamos menos porque estaba a escurecer. Que sitio sería aquel? Que guerra ou que batalla? Que xente contra que outra xente? Que época?

Foi cando ouvimos un balbordo importante e nos agochamos a toda présa detrás dunhas cortinas que, de milagre, aínda permanecían no seu sitio.

A xente que non podíamos ver sen expoñermos estaba a discutir acaloradamente. Berraban e semellaban querer impoñer aos outros o seu criterio. O caso é que algunhas palabriñas soltas lles entendiamos, a lingua que falaban non nos era de todo descoñecida.

—Falan galego —dixo David case que contento—.

Un galego bastante raro, ou sexa, máis raro que o voso (pretendeu facer unha brincadeira), mais falan galego.

—Si, algo se lles entende —respondeu Mile baixiño.

—Calade un pouco, deixádeme escoitar a ver se captamos algo —dixen eu.

E fixemos silencio tratando de escoitar e entender, até

que a xente se dispersou a fume de carozo, porque, ao parecer, os ataques de fóra estaban a ser cada vez máis violentos e toda aquela estrutura, coas persoas dentro, corría un serio perigo de derrubarse como os casteliños da praia.

Ao retirarse a xente abrimos con coidado un anaco das contras de madeira da fiestra. Era unha ousadía, mais había que saber que tiñamos abaixo, no caso de saír nós tamén por algún pasadizo.

Abaixo era todo confusión. Moita xente empuxando troncos de árbores, decidida a entrar ao castelo como fose, xente e máis xente que viña de todas partes. Fachos nas mans, xente armada con fouces e paus, que parecían viláns e non o digo porque fosen malos, que nós non os coñeciamos, senón porque semellaban ser as e os habitantes desa vila. O contexto aparecía cada vez un cachiño máis claro. Era a Idade Media, estabamos nalgún recanto de Galicia, e aquilo era unha especie de rebelión contra o poder de quenda.

### ***Aprendermos a historia dende a historia***

—*Chiques*, coido que sei que é o que está a pasar e onde estamos. Polo menos intúo cal pode ser a época —dixo

Mile—. Para min, isto que estamos a vivir forma parte das revoltas Irmandiñas.

—De que estás a falar? —dixen eu case á vez que David, que tampouco non entendía nada.

—A ver, vimos isto no cole o ano pasado, contóunolo Marta, a profe de Galego. Vou tratar de facervos un resumo rapidiño.

E mentres a xente de abaixo seguía a queimar trapos na fosa da fortaleza ou o que fose aquel sitio que nos tiña atrapados, Mile, que é unha excelente alumna e ten moita memoria, contounos que lle aprenderan no cole que entre os anos 1467 e 1469 (Milena é como a Wikipedia, só que en nena) o pobo, farto dos abusos cometidos pola nobreza, levantouse en armas e asumiu o poder en nome do rei. A revolta afectara a todo o territorio do reino de Galicia e ocorrera porque había unha guerra civil que enfrontaba a Enrique IV de Castela cun sector da nobreza que proclamara rei ao príncipe Afonso, o seu irmán. En Galicia, o pobo chan, a mediana burguesía, moitos nobres de menor avoengo, algúns frades e unha gran base social crearan a Santa Irmandade para loitar contra as verdadeiras falcatruadas e abusos que cometían os *nobres*, os que tiñan o poder e vivían como reis e raíñas dentro de

castelos coma aquel onde caeramos.

Nós estabamos preocupados, asustados, famentos, sucios, cansos e todo o que puidese significar aquela leira, mais a historia que nos contaba Mile estaba a resultar fascinante.

David lembrou que pode que algo desta epopea lle contasen na escola e até eu pensei que tamén ouvira parte dese relato.

—A Santa Irmandade do Reino de Galicia tiña unha sólida organización e conseguira reunir unhas milicias populares compostas por máis de 80.000 homes. As milicias querían derrubar un a un os castelos e fortalezas cuxos propietarios non se rendesen, porque estas construcións representaban os abusos do poder, as estafas, as violacións a mulleres e a nenas, as coaccións e os horríbeis impostos que a nobreza lle cobraba ao pobo. Querían derrubalas porque sabían que cada casa señorial era «un niño de malfeitores». Así que, nos dous anos que durou o goberno das Irmandades, se derrubaron máis de 140 castelos e fortalezas, aínda que hai historiadores que afirman teren rexistrados máis de 200.

—Pah, canto *sabés*, Mile! —dixen eu admirada do que sabía a miña irmá—. E tes idea logo de onde podemos estar?

—É tan só unha teoría, aínda que poderíamos chamala unha intuición. Penso que estamos na Fortaleza de San Paio de Narla, bastante preto de Lugo, polo menos en distancia xeográfica —dixo Mile emocionada coa súa propia intuición—. É que vin fotos e vídeos que me ensinou a avoa Luz sobre este museo, que é un dos da Rede Museística Provincial de Lugo, onde a avoa ten unha obra, e estou case certa de que é o mesmo sitio, aínda que con moitos séculos e mudanzas. Fixádevos de que nós fomos testemuñas de como caeu unha torre. Pois a fortaleza só ten unha.

—E como acaba esta historia? —preguntou David sen deixar de ollar para abaixo, cara ao foso, coma se fose unha película—. E outra curiosidade que teño: por que se chamaban irmandiños? Non se deberían chamar irmanciños?

—*Esperá*, David, deixa que Mile nos explique o final para sabermos o que facer...

—A ver, esta fortaleza é tomada polas forzas irmandiñas, diso estou certa. A xente falaba dunha cousa moi fermosa: por unha vez gañaran os bos, o pobo, e *os falcóns tiveran que fuxir dos pardais*, entendedes? —dixo Milena—. E por certo, David, tes toda a razón, o lóxico sería que se lles chamase



Irmanciños; coido que foi o nome que se lles deu moito despois. Por cariño, por valorar a fazaña que fixeron...

—*Chiques*, non nos podemos quedar acá. Cando os irmandiños entren na fortaleza, nós seremos sospeitosos de formar parte desta xente, dos nobres. Coa pinta que traemos e, para colmo, David con ese plumífero que rompe as regras todas —dixen eu, convencida de que

había que empezar a ensaiar a palabriña viaxeira.

Sen descontar que o perigo pasase, porque de certo non pasara, comezamos a sentirnos máis tranquilos sabendo que esa parte da historia tamén a coñeciamos. A outra, o resultado daquela loita, xa nos contou Mile que despois de dous anos a revolta foi vencida polos de sempre. Mais a nós quedounos no maxín a idea de que aquela non fora unha loita perdida, que triunfara no tempo, que fora, como dixo Milena, a maior revolta europea do século XV (tres séculos antes da Revolución francesa, deducín eu), e a xente, aínda que non gañou definitivamente, tampouco non perdeu. A nobreza volveu recuperar as súas posesións, en mal estado, obviamente (algunhas foron obrigadas a ser reconstruídas polos vencidos), mais o seu poder nunca volveu ser o mesmo. Tiveron que reconsiderar o seu trato cara á poboación para evitar futuros levantamentos.

A revolta irmandiña deixou unha pegada profunda na memoria colectiva, un espírito de resistencia e xustiza do que estabamos a falar tres nenos perdidos, nun mundo perdido, dez séculos máis tarde. Iso non é perder.

—Mile, *sabés* se había irmandiñas? —preguntei eu.

—Con seguridade, as mulleres sempre estiveron nas loitas todas —afirmou ela, mentres David, tirando polas

nosa mangas convidounos a ollar cara a abaixo, onde unha rapaza moi nova e moi guapa (e moi valente) estaba a prender a mecha (non era doado, non había fósforos ni chisqueiros) do lume que había que manter para acabar coa inxustiza. Con toda claridade podíamos afirmar que houbo «irmandiñas».

—Arcos, frechas, espadas de ferro, armas de sitio e asalto, catapultas, os propios aparellos de labranza, troncos de árbores, trapos para facer fogo, bombardas, *colubrin*as, *falconetes*, alabardas e gaitas! —recitou David coma se fose unha lección de historia sobre armas medievais e música.

E cando nos dispuxemos a fuxir daquela fortaleza asediada, entusiasmados polo son das gaitas que ao lonxe se ouvían, unha man tentou abrir a cortina e non agardamos a ver a quen pertencía a outra parte dese corpo.

—*SHACEMENTO*, *shacemento*, *shacemento!!!*, berramos á vez até quedar sen voz. E foi que volveu dar resultado.



*Os mapas da  
vida*



mundos á vez.

Tiñamos ganas de volver á normalidade. Aínda que non chegara o tempo, ou iso parecía.

—Chicas, como estades? —preguntei.

—Eu estou ben, sen contar con que non aturo máis estas viaxes. Isto xa deixou de ser divertido —protestou Maitu—. Non volo parece?

—E eu tamén. Para min xa está a ter todo menos graza —afirmou Mile.

—Onde pensades que estamos? —dixen disimulando a intranquilidade por descubrir que este sería, talvez, outro territorio en guerra ou en próximo perigo de extinción.

### ***O labirinto do minotauro***

Mile ergueuse e deu unha pequena volta por aquel sitio e, antes de nós prepararmos para seguila (faciamos todo xuntos), apareceu cun sorriso alentador nos beizos. Que guapa se puña cando sorría!

—Estamos dentro dun labirinto, un auténtico e moi fermoso labirinto —berrou entusiasmada—. «Non serve de nada volver a onte, cando era outra!, Aquí todos estamos tolos!, non sei onde vou, mais calquera camiño levaramme aí!

—Queeeee! —preguntei abraiado por aquela declamación.

—É de *Alicia no país das marabillas* —respondeu como de costume Maitena que sempre tiña as respostas.

—*Chiques*, coido que esta viaxe é unha oportunidade. Si, xa sei que hai un anaco protestaba porque estou cansa, estamos cansos e todo iso... Mais xa temos experiencia, como sexa, sabemos saír cando a situación se volve perigosa —dixo Milena coma se estivese reflexionando sobre o que nos ía dicir—. Coñecemos case que cada momento da historia onde viaxamos. Sabemos cal vai ser o desenlace. Non polo miúdo, mais temos idea do que ocorreu e iso nos permite defendermos. Até agora estivemos, agás no caso da Escola de Doloriñas, a expensas dun destino que non eliximos. Fomos onde nos levou o que fose que nos levase. Coma folliñas ao vento... Sen rebelármonos, sen decidir máis ca o momento de fuxir e nunca a ruta. Fagamos unha cousa: gocemos deste momento, sexamos conscientes de que estamos a desfrutar dun privilexio, algo que non lle ocorre a todo o mundo nin todos os días. Pasémolo ben! Pescudemos, metámonos onde sexa que esteamos, mergullémonos na vida deste sitio o tempo que dure esta viaxe. Aquí non semella que

vaía aparecer un perigo. O Sombreiro Tolo, a Raíña de Corazóns para contarnos a cabeza, o Señor Coello para impacientarnos... Viches acaso o Gato de Cheshire? Tampouco non penso que sexa este o famoso labirinto do Minotauro... Isto ten boa pinta e dáme un pouco igual que sen perigos non haxa tanta aventura e que a viaxe do heroe e as heroínas vaía ser agora un fracaso. Gocemos desta volta da viaxe...!

—Soa ben, Mile. Mais non sabemos onde estamos, en que século... —dixo Maitu.

—Neste, probabelmente neste, rapazas. Mirade o ceo, un avión —dixen eu sinalando a estela branca que acababa de deixar un dos tantos avións que sucaban os ceos da nosa época. Por certo, que era iso do Labirinto do Minotauro?

—A ver, cóntocho rapidiño, David. Foi no labirinto de Creta. Un arquitecto de nome Dédalo creara o labirinto. E tamén está a historia do seu fillo, Ícaro, mais agora centrémonos nesta. É unha lenda grega. Non, desculpa, non é unha lenda, é un mito, que son cousas semellantes máis non iguais. Nun labirinto que podía ser este, só que de moita máis difícil saída (de aquí imos poder saír sen problema) había un touro, que non era un touro, senón

o fillo do rei Minos, un ser perturbado e salvaxe que se alimentaba de persoas. A cidade de Atenas perdera unha guerra contra o rei Minos e tiñan que entregarlle sete doncelas e sete rapaces novos cada determinado tempo, para que os devorase. Co fin de liberar Atenas desa tiranía, o príncipe Teseo decidiu ser un dos rapaces destinados a ser comidos, para chegar preto do Minotauro e matalo. A súa vez, Ariadna, que estaba namorada de Teseo, ensinoulle un truco cun novelo de fío para que, ao ir meténdose no labirinto, atopase o xeito de saír. Non se sabe con certeza (dixemos que é un mito) se Teseo conseguiu matar o Minotauro, mais pode que saíse do labirinto usando o fío de Ariadna, hai algunhas pinturas que parecen indicalo. E máis cousas que agora non me lembro.

—Encántame o que nos contas! —dixen eu cada vez máis engaiolado con aquela rapaza que sabía montañas.

—Grazas, David, non penses que sei moito, só son curiosa... Escoitade, *chiques*, estiven pensando en todo o que pasou, neste labirinto, neste sitio que non parece perigoso, en que ao parecer estamos preto da nosa época e como falamos de *Alicia no país das maravillas* quería

pedirvos que non perdades nunca a vosa *muchosidade*. Foi o que «O sombreireiro tolo» lle dixo a Alicia, que perdera a súa *moitosidade*, que xa non tiña o valor, a intuición e a confianza en si mesma para afrontar os seus medos e ser quen de rematar a súa misión no país das marabillas. Se cadra é o que temos que facer. Non deixar de sermos nós, con todos os nosos soños, as nosas contradicións e os nosos medos. Non perdamos nada do que nos constitúe.

—De acordo, se o que querías era levantarnos o ánimo, estás a piques de conseguilo. Imos pensar e decidimos o que facer —dixo Maitu, propoñéndonos un choque de palmas para confirmar que acordabamos en tentar o esforzo de mudar o ánimo e sacar o mellor partido posíbel desta nova viaxe. Nós tamén tiñamos *moitosidade*, a fin de contas.

Puxémonos en pé e comezamos a mirar e admirar aquel labirinto. Fomos collidos da man e non porque aparecese a Raíña de Corazóns disposta a cortarnos a cabeza: tiña a ver coa amizade e o compañeirismo que forxamos.

—Milena, para que se constrúe un labirinto? —preguntei.

—Un dron tiraría fotos fantásticas, isto foi seguramente deseñado para verse dende arriba. De feito, se o vísemos

dende arriba sería doado recoñecer a saída, porque nós non temos novelo ningún. Estes debuxos quererán dicir algo, haberá quen entenda as mensaxes —dixo Maitu—. Ah, por certo, de feito este labirinto, a diferenza do da Alicia, que era vexetal, está construído con pedras laxas. E son baixiñas... Nada, é unha observación.

—Tes razón, Maitu, moi ben observado. O que preguntas, David, polo que eu sei houbo varias razóns para construír labirintos. A mensaxe era para que a entendesen os ricos, os nobres, os fidalgos. Neste sitio viviu unha familia, ou moitas, unha liñaxe de fidalgos. Isto forma parte dun código que eles e elas podían recoñecer e entender. Se cadra é unha especie de *imago mundi*, como había en moitos xardíns do Renacemento. Aínda que os labirintos xa existían na época dos nosos «amigos» os romanos. Habíaos en Grecia e en moitas outras culturas. Hai labirintos de formas e tamaños extraordinarios. Na Antigüidade, creáranse algúns, co fin de atrapar a quen entrase a unha propiedade con malas intencións, por exemplo. Na actualidade non adoitan ter máis ca un sentido estético. E con respecto a este, que era o que me preguntaras, penso que é unha especie de cosmovisión, unha interpretación do mundo segundo esta xente. Do seu

mundo. Coido que querían significar que, por máis que se enguedelle o percorrido, todo volve empezar, vólvese ao principio. Coma nós, que volveremos axiña á casa.

—E ti como sabes todo iso? —preguntei eu.

—Estou a preparar o exame de ingreso ao Colexio Nacional de Bos Aires, para a secundaria. É un colexio moi esixente. Vai ser unha exame moi difícil e estudamos moitas cousas...

—Encantárame saber tanto coma ti, Milena —dixen eu con verdadeira admiración.

—E a min saber todo o que ti sabes sobre armamento medieval, David. Déchesnos unha clase maxistral antes de saírmos da fortaleza asediada.

—Ai, si, mais iso só era medo, o medo dispárame a memoria, ja, ja, ja.

—Non, David, non te quites méritos. Sabes moitas cousas das que nós non temos nin idea, e, ademais, tiveches a valentía de agasallar cun ramiño de fendo a un soldado romano. Podía terte cortado a cabeza. Demostraches un enorme valor —dixo Maitu, e produciume unha gran satisfacción. Non vaiades pensar que Maitena non me caía ben, só era que a Milena a miraba con outros ollos.

—Escoitade, rapazas, unha dúbida, xa sabedes que eu pregunto todo porque me gusta chegar ao fondo das cuestións. Se esta xente, os donos desta propiedade son nobres, non viran os irmandiños de novo e teremos que saír de aquí batendo cos pés no cu?

—En que quedamos, David? Deixa de darlle traballo ao medo. Non acabas de sinalarnos un avión? Que revoltas irmandiñas ían ser esas...? —dixo Maitu rindo.

—Era unha bromiña, rapazas. Xa, xa, tes razón, Maitena. É que con tanta volta e reviravolta se me revolve todo...

### ***Saír dun labirinto***

Pensades que conseguimos saír do labirinto? Pois si, conseguímolos, non era complicado, así que fomos atopando a saída sen perigos á vista, até que, coma sempre, apareceu o paxaro cheirento querendo aterrar nas nosas cabezas. En realidade, na miña. Debía de gustarlle o meu cabelo...

Cando apareceu, precipitámonos os tres cara a propiedade que tiñamos preto. Ese paxaro era insoportábel e cada vez cheiraba máis feo.

O caso foi que estivemos a dar voltas. Non era de moi

boa educación entrar nunha casa onde ningún nos convidara, así que percorremos todo até que aparecese algún ser humano. Ao principio deunos por seguir unhas frechas amarelas que nos levaron a unha pequena construción próxima ao labirinto. Era unha mostra moi interesante con datos sobre saúde mental, algo ben importante e do que non se adoita falar moito. As rapazas puxéronse contentas ao atopar un texto asinado pola súa nai e a súa avoa. Claramente estabamos no presente. Tamén había un texto dunha artista chamada Mónica Alonso<sup>1</sup>, que as rapazas coñecían.

O pazo era bastante grande, ou, en verdade, ben grande. Tiña construcións polos lados, que terían sido antigamente as cabalerías e outras dependencias como as que pertenceron á servidume, onde atopamos unha outra exposición ben chula. Contaba, a través da arte, a historia desas persoas que vivían soterradas, case invisíbeis, debaixo de todo, e que foran as que mantiveran as grandes estruturas co seu esforzo.

Entrabamos e saíamos da edificación, para ver se aparecía alguén a quen lle preguntar.

—Vistes que nesta entrada pon Tor, gravado coa propia pedra? Aló arriba, á entrada, abaixo daquel escudo

grande tamén de pedra. Pois parece lóxico que esteamos no Pazo de Tor, a uns 50 km de Lugo, preto de Monforte de Lemos. Tamén a avoa Luz me amosou fotos e vídeos deste pazo...

—Si, ten sentido, Mile. Un pazo é un lugar de poder, non si? A xente que mandou construír este sitio seguramente era poderosa. Sería este un «refuxio de malfeitores»? —preguntou Maitena.

—Agora non temos nada que temer. É un museo aberto ao público. Foi doado pola súa derradeira propietaria para que a xente puidese visitalo, coa condición de que o mantivesen tal cal estaba. E eu só sei un pouquiño da historia dos donos e da xente que viviu aquí para atendelos e facerlles a vida máis grata; xa preguntaremos se sae alguén ou ao volver a Lugo.

—Cando voltemos á casa, iso aínda esta verde, Mile... —dixen eu pensando que o fin daquela historia non ía ser só o fin daquela historia...

—Non, David, non te poñas pesimista, verás que non falta moito para regresar ao noso tempo, se é que non estamos xa nel... —respondeume Maitu.

E así andabamos, felices de ter atopado un baño que tanto precisabamos e onde, ademais, nos lavamos e

bebemos auga da billa que seguro era potábel, cando un rebumbio novo nos remitiu a un grupo de visitantes que asomaba pola entrada.

—Se hai visitantes, hai guía —dixo Milena—.

Peguémonos a esta xente para poder ir á casa.

E así o fixemos. Non eran crianzas, eran xente de todas as idades, viñan coñecer o pazo e ían ser conducidos por Tar, un guía que lles ía amosar todos aqueles tesouros, polo que percorremos unha a unha as estancias do primeiro andar. Todo era moi fermoso, vai ser moito mellor que tratedes de achegarvos ao pazo e percorrelo pola vosa conta, antes de que o describa eu; é un sitio que paga a pena visitar.

A ver, non pensedes que non vos quero contar o que estivemos a descubrir no pazo e que, de feito, me encantaría ter o ánimo para compartirvos... Había unha armadura completa; unha capela dentro da propia casa; un piano—forte; unha chea de retratos ao óleo e fotográficos de xente que sería moi importante naqueles tempos; unha auténtica mesa de billar; unha sala de armas onde me houbese gustado estar máis tempo (tiña armas brancas: espadas, sabres, machetes, coitelos, baionetas, e de fogo: escopetas e pistolas; cascos da Primeira Guerra

Mundial, imaxinádevos!). Só que eu, malia que Mile quería que o pasásemos ben nesta viaxe xa que axiña estaríamos en Lugo, non ficarei tranquilo até non termos esa certeza. Até que algún adulto nola confirme. E é certo que o guía, o señor Tar (Tar de Tor, un xogo de palabras), ía realmente espertando o interese por todas aquelas historias que se viviran na casa. Como, por exemplo, que algúns dos poetas máis famosos da Galicia, Uxío Novoneyra ou Manuel María, adoitaban visitar o pazo convidados pola súa dona<sup>2</sup>. Non era difícil imaxinar eses encontros.

E, mentres tanto, as rapazas miraban para min como dicindo: que facemos? Non me parecía de boa educación interromper a visita guiada, así que me encollía de ombreiros, agardando, coma sempre, un sinal.

E así chegamos á Sala 16, a que destinaran a exhibir un dos tesouros que si atoparan naquela residencia: o mapa de Fontán.

Contounos o guía que no ano 2010 aparecera, sen que ninguén o puidese imaxinar, cheo de polvo, arañeiras e ácaros de varias nacionalidades e xeracións, unha das poucas copias que se conservan do traballo do xeógrafo pontevedrés Domingo Fontán. El investira dezasete anos

de vida en facelo, o que ocorrera no século XIX, e fora o primeiro mapa realizado no Estado español con métodos científicos e medicións matemáticas. Un verdadeiro tesouro!

Pensade que, para realizar este mapa, Fontán tivera que percorrer a pé e dacabalo Galicia toda. *Tropecentos* mil km cadrados... A Carta fora impresa en París, a mediados do século XIX por un gravador moi importante, cando o autor obtivo a aprobación da raíña para poder facelo (e non me preguntedes o nome da raíña, que eu non son Milena). Por certo, disto si que me lembro, o mapa chámase «Carta Xeométrica de Galicia» (tampouco era difícil de memorizar...).

A cousa foi que estabamos concentrados no mapa, que é de verdade un tesouro, cando alguén do público pronunciou a nosa palabriña. Xa sabedes, non quero dicila. O visitante quería saber algo sobre un xacemento..., e, aínda que o dixese en castelán, porque o grupo era de fóra, rompemos a rir de xeito non disimulado e quedamos fatal fronte a todo o mundo. Semellaba que estivésemos a burlarnos do visitante e non sabiamos como parar. Vaia parvada, claro que non podíamos explicarnos, mais non pasaba nada, seguíamos a ser crianzas e todo iso do que

viñemos falando hai moitas páxinas... Mais eu non puíden soportar o ridículo, o poñerme vermello coma un tomate e dixer sen pensalo a palabriña o máis parecido posíbel a como a dirían Mile e Maitu. Si, xa sei, foi unha absoluta torpeza, coma se alguén pretendese matar un lume con gasolina, unha auténtica parvada. Mais fixeno. E por segunda vez.



## ***O mapa eramos nós***

Non me vou estender co que pasou logo, antes de que as rapazas me rifasen, con moita razón, porque metera ben a zoca, volveu o que xa sabedes. Fume escuro con cheiros difíciles de esquecer, caída bastante brusca contra o chan, no que, desta volta, mancámonos algo os tres, e, dando voltas arredor de onde caemos, por sorte por fóra, o inefábel paxaro noxento. Mais do mesmo.

Cando nos repuxemos e as rapazas cansas, tristeiras e algo decepcionadas polo meu comportamento, se anoxasen comigo, decatámonos de que alí, nese espazo ben estraño, non estabamos sós. Outra vez o medo ao descoñecido.

—E vós quen vides sendo? —escoitóuselle dicir ao home que, por forza, tivera que escoitar uns minutos antes coma rifabamos entre nós—. Non vos asustedes, ninguén vos vai facer dano —engadiu entendendo, seguramente, que non eramos malfeitores deses, nin espías de nada; nada máis ca un neno e dúas nenas asustados.

—Nós somos..., vimos do... —e alí comezou Maitena a titubear e os tres a mirar para nós na procura dunha resposta. Que habería que dicir? Quen sería ese home? Que época sería aquela?

—Tedes unha vestimenta un pouco rara, rapazada... Sodes estranxeiros?

—Un pouco si —dixo Mile tentando recuperar a certeza—. Vimos de *moiíiii* lonxe... Da Arxentina. Agás el, que vén de Lugo.

—Ah, si que é ben lonxe. E logo en Lugo traballan con estas fibras téxtiles tan estrañas —dixo o descoñecido sinalando, como non!, o meu plumífero azul metalizado.

—Si —dixen eu con apenas voz—. Miña nai comproumo en Lugo.

—Ah, pois moi ben. E como apareciches aquí? Porque xurdiches coma do nada —dixo o home.

—Iso xa é moito máis difícil de explicar, señor —dixo Maitena.

A todo isto, teño que dicir que o sitio onde caeramos era un campanario, diso cabía pouca dúbida, e o home que tiñamos fronte a nós era novo, amábel e vestía con elegancia. Estaba rodeado de planos, papeis e instrumentos de medición (non me preguntedes, que disto sei menos que de armas medievais). Seguro que as nenas pensaban que tamén era bastante guapo e xa tiraran información nas súas cabeciñas pola vestimenta que levaba da época a que pertencía.

—Sabedes onde estamos, rapaces? —preguntou o home.

—Estamos nun campanario e nós as dúas somos rapazas

— respondeulle Maitu sempre atenta a nomear como cumpría.

—Ah, e aquí temos unha rapaza con carácter —dixo o home—. Paréceme moi ben, sempre hai que saber quen é cadaquén. Mais o certo é que non sabedes onde estades. É verdade que é un campanario, mais non calquera campanario. Isto, rapaz e «rapazas», é a torre do reloxo da catedral de Santiago de Compostela. Nin máis nin menos. Decatádevos?

—Claro, a torre do reloxo da catedral de Santiago de Compostela, chámase A Berenguela —dixo Maitu e afirmamos todos cun xesto conxunto de cabeza.

—Moi ben, se ti o dis, logo se sabedes onde estades, saberedes a que viñeches aquí —dixo o home.

—A verdade é que non sabemos como vimos parar aquí. Nós estabamos os tres nun museo en Lugo... —empecei eu sen saber como parar...

—Un museo en Lugo? Ti sabes o que dis, rapaz? Non hai en Lugo museo ningún —dixo aquel home comezando a acalorarse.

—Si que hai un m... —comezaba a retrucar eu cando

Milena me tapou a boca coa súa man quentiña. Era obvio que tiña que calar.

—A ver, nenos, imos comezar de novo. Quen sodes e de onde vides? —dixo o home.

—Vimos de lonxe, é difícil de explicar...

—Sodes viaxeiros do tempo? É iso?

—Ohhhh...! Vostede estaría disposto a acreditar no que lle contemos? —dixo Milena.

—Ah, iso depende... Se non me enganades... Porque eu véxovos algo ben estraño, algo que non concorda... Sabedes da existencia dos museos, dicides que vides dun museo en Lugo, traedes unha vestimenta con teas que aínda non se coñecen por aquí... A única explicación é que sexades viaxeiros do tempo.

Mirámonos, por aquel costume de decidir entre os tres, e dixémoslle a verdade a aquel home descoñecido que estaba disposto a acreditar en nós. A ver que ocorría agora...

—De acordo: somos, como di vostede, viaxeiros do tempo. Dúas viaxeiras e un viaxeiro, para sermos exactos. Non sabemos ben por que ao dicir unha palabra que non imos repetir por razóns obvias, desprazámonos no tempo. Mais non decidimos previamente a onde. O que fose que

nos move no tempo decide por nós —falou Milena en nome dos tres.

—Vale, imos comezar logo de novo. Chámome Domingo Fontán, son xeógrafo e unha chea de cousas máis que non serven de moito. Estou aquí porque teño na cabeza un proxecto que me quita o sono. Sei que necesito facelo e sei que esta terra o precisa. É de xustiza. E por iso estou no que chamas «Berenguela» hoxe, porque oficialmente darei comezado neste intre o devandito proxecto. Agora, ademais, teño tres testemuñas... Axiña vai vir meu irmán Andrés, que me axuda en todo o que fago, mais, polo momento, estades vós... Que tedes logo que dicir?

—A Carta Xeométrica de Galicia —berrei eu lembrando o relato do señor Tar en Tor e tratando de adiantarme, por unha vez, ás miñas amigas.

—E ti como sabes iso. Como sabedes vós iso? De que ano vides? Seica este feito se coñeceu no futuro?

—Se se coñeceu, di! Míma, se se coñeceu! Vostede vai ser unha persoa importantísima, don Domingo —volvín tomar a palabra.

—De que ano vides, rapaces, por favor...!

—Do ano 2025, don Domingo, no século XXI. E

ten razón David. Por certo, somos Maitena, Milena e David. Decía que ten razón David, o seu proxecto vai ser recoñecido como a empresa fantástica que foi. A que puxo nomes e apelidos a Galicia, a que a amosou ao mundo. O que vostede fixo foi extraordinario.

O home senta no chan e tapa a cabeza coas mans. Pode que todo iso lle parecese unha auténtica tolemia. Fóra, a choiva petaba forte contra as pedras desa catedral tan famosa e o paxaro cheirento continuaba a dar voltas coma un parvo... Nós atopamos nesta viaxe unha persoa extraordinaria. Vai ser que, se cadra, poidan perdoarme Mile e Maitu por metelas de novo en danza... Aquilo, despois de tanta reviravolta, era unha grande aventura.

—A ver, contádeme cousas, que pasa nestes anos? Máis de 200 anos...! E non pretendo que o saibades todo, sodes aínda pequenos, pero contádeme o que saibades, por favor.

—Con respecto ao seu proxecto, cóntolle que lle vai levar 17 anos de andar de a cabalo, en burro e a pata, con perdón, rematalo —dixo Maitu—. Terá que pelexar con medio mundo, mais, polo que sabemos, a vostede iso de pelexar non lle vai mal, dígoo con respecto. Terá que pelexar porque o futuro seguirá avanzando, mais

moita xente ocupará os postos de poder e será ben necia, enténdeme?

—Claro que entendo, todo me costará moitísimo, coma sempre. Mais si sabedes que podo rematar a Carta, non si?

—Brillantemente, don Domingo. Non só a remata, senón que se chegan a facer algo máis de mil copias (en Francia, por certo), e vostede terá que pelexar para que lle dean unhas poucas para os seus amigos, para que se difundan etc. Contra os muíños de vento, xa sabe... —dixo Milena—. Mais o que si podemos asegurarlle, porque estabamos no museo do Pazo de Tor, en Lugo, é que a Carta Xeométrica de Galicia é unha realidade. Alí teñen unha.

—Sodes incríbeis, rapac..., perdón, rapazas e rapaz. Sabedes algunha cousa máis?

—Si. Un escritor, que seguramente non coñecerá porque vai nacer cando vostede xa non estea, don Ramón Otero Pedraio, terá unha desas cartas e a conservará toda a vida. De feito, levaraa no seu exilio a Bos Aires e falará dela con Castelao, un prócer galego a quen vostede tampouco chegará a coñecer, sobre o fundamental do seu traballo a prol de Galicia —lembrou Mile.

—Exilio? —preguntou o profesor Fontán.

—Si, don Domingo. Haberá un golpe de Estado que provocará unha guerra civil en España. E haberá tamén dúas guerras mundiais. Unha, antes, nos comezos do século XX, e outra, inmediatamente despois da guerra en España. Pasan cousas moi terribes no futuro...

—E logo, no século XXI, de onde vides vós... No século XXI mellora a cousa?

—Sempre está a haber guerras e sempre polas mesmas causas... —dixo Maitena compunxida—. Para sacarles os recursos a algúns países e que fiquen sempre pobres, para someter os que se rebelen... Aínda que, non se poña triste. A ciencia e a tecnoloxía avanza moito. O ser humano chega á lúa, viaxa polo espazo, clónanse animais... Con estes aparellos, por exemplo, podémonos comunicar con calquera parte do mundo en segundos, e non só iso: tirar fotografías, facer películas, escoitar música, saber que temperatura vai ir o día seguinte en calquera parte, gravar as nosas voces, pagar contas ou que nos manden cartos etc... Iso está moi ben —e amosoulles o que elas chamaban celular e que non funcionaba por falta de batería.

—E a pobreza? Diminúe a pobreza no mundo?

—Boh... —comezou Maitena para ser interrompida por Mile.

—A desigualdade non minguou, profesor. A verdade é que mesmo parecería que ocorrese todo o contrario. No noso tempo, moi pouca xente ten todos os cartos e o poder... Porén, non se poña triste, a vostede quedalle moito e moi importante por facer. Vai tomar parte na política e vai ser elixido deputado nas Cortes. Vai ser un grande orador e un político honesto. Un exemplo, señor Fontán. Vostede vai nomear Galicia como xamais a nomease ninguén. Polo menos dende o seu campo, porque vai nacer axiña unha muller extraordinaria que vai poñer Galicia toda en palabras. E vai tocar o teito do mundo. O seu nome é Rosalía de Castro.

—Rosalía de Castro... —repite o profesor Fontán.

—E haberá outras galegas incríbeis no século XIX como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, María Luz Morales... —prosegiu Mile.

—Si, mais sabe unha cousa, don Fontán? Entre todos os galegos vostede vai destacar. E xa sei que non é bonito o que lle vou dicir, porque para que iso ocorra terá que estar morto, mais estará xunto con Rosalía, Castelao, o escultor Asorey. O poeta Cabanillas... —diciu Mile tratando de lembralos a todos, —O político Alfredo Brañas —rematei eu—. No panteón dos galegos ilustres.

—Un impresionante grupo de amigos, ao parecer... Sodes moi amábeis, amiguiños. Por contarme tantas cousas que eu non podería saber e por confirmarme que «A Carta Xeométrica de Galicia», o proxecto da miña vida, sairá, aínda que con dificultades, adiante.

—E terá vostede unha vida bastante longa, profesor. E nós nos encargaremos de lembrar que non tiña vostede mal carácter ningún... Que é unha fama que lle adxudicaron algúns... —dixo Milena achegándose ao profesor Fontán e poñendo con agarimo a man no seu ombreiro.

O profesor mirou para Milena con tenrura, agradeceulle as súas palabras e agradeceunos tamén a Maitu e a min canto che aprenderamos do futuro.

—Non me preocupa que digan que teño mal carácter, pequenos, non o teño, enférmame a xente que non pensa... Nada máis. E abundan, por desgraza. Contestádeme unha pregunta máis e logo, se queredes, podedes vir á miña casa a descansar e comer algo antes de regresar ao voso tempo. Consegue a ciencia erradicar as enfermidades todas? Dádeme unha boa nova, rapaciños!

Nós volvemos mirarnos procurando unha resposta. A choiva batía a cachón, con ruído, como só o sabe facer en

Compostela, e o paxaro parvo se situara nun dos arcos da torre, ollando para nós con eses ollos de pícaro maligno.

—Coñécevos? —preguntou o profesor.

—Está a seguirmos dende que comezaron estas viaxes, no museo de Lugo. É un paxaro moi maleducado —dixen eu e rimos todos de boa gana—. Non lle fagamos nin caso —ao que o paxaro, coma se se sentise aludido, respondeu cunha especie de gruñido tan desagradábel coma el.

—As enfermidades? —retomou o tema Maitu—.

A verdade é que se conseguen erradicar moitas enfermidades, mais non todas. Porén, a vida humana medra cada vez máis. Só que todo depende do lugar onde se tivese a sorte ou a desgraza de nacer, enténdese, profesor?

—Perfectamente, Maitena. O ser humano non termina de aprender as grandes leccións da vida. Teredes que traballar moito sobre eses temas, porque vós, os tres, sodes ben especiais. E está a ser un verdadeiro gusto coñecervos... Unha soa dúbida, e xa sei que vos dixen que era a última: todo o mundo pode viaxar no tempo na vosa época?

—Nós non o sabemos. Se cadra hai moita xente neste intre viaxando ao tolo coma nós. Malia que eu penso que

isto que nos pasou, e para o que non atopo explicación ningunha, non é habitual. Poderemos dicir, se temos a sorte de atopar o xeito de volver á casa, que fomos afortunados. Pasáronnos moitas cousas, chegamos a temer pola nosa vida, mais a verdade é que aprendemos moito, percorremos mundos imposíbeis, non sei, tivemos a fortuna de coñecer a alguén tan excepcional coma vostede, profesor Fontán —dixo Milena de corrido e emocionámonos moito.

O profesor Fontán volveu repetir o convite a descansar e comer seguramente cousas ricas na súa casa, e a piques estivemos de aceptar e camiñar por esa cidade tan chea de chuvía cun paxaro insistente. Mais non o podiamos facer. Era o momento de tentar o regreso.

Maitena contoulle ao profesor que lle encantaba debuxar e conseguiu que este lle regalase un fermoso lapis de carpinteiro que lle quedara pequeno de usalo e que o profesor trouxera dunha das súas viaxes. Outra xoia para o seu cofre imaxinario de tesouros ou para o seu cofre de tesouros imaxinarios, non o teño moi claro. Ela fixolle un deseño moi guapo no recanto dun papel. Nós, tristemente, non tiñamos nada para darlle, aínda que coido que lle deixamos un bo recordo, e, antes de que o seu irmán

Andrés subise onda nós, collémonos das mans e berramos, case, a palabriña.

### ***A derradeira viaxe***

Somos Mile e Maitu, imos relatar o *final final final* do conto.

Non imos volver contarvos o que pasou cando dixemos a *palabra viaxeira*. Xa o sabedes. Aparecemos medio magoados, coma sempre, entre cheiros e fumes. Só que, desta volta, chegamos a casa, mais tamén chegamos ao fin da nosa historia.

Aparecemos no Museo Provincial de Lugo, onde todo comezara. Ninguén nos botara en falla, polo visto. Quedamos en que a nosa avoa nos recollese alí contra as dúas da tarde e aínda faltaban varios minutos, polo que decidimos saír á rúa esperala. Estabamos contentos porque chegamos á casa, mais estabamos tristes porque se acababa unha aventura para sempre. Porque unha parte de nós, e non nos preguntades por que, sabía que esa aventura rematara para sempre.

Ollamos cara ao ceo que, aínda que era mediodía, empezaba a ter esas cores de inverno, esas cores das que a avoa Luz nos falara tantas veces porque a ela lle encantaban os ceos de Lugo, con eses azuis medio

lilas imposíbeis de describir, e que parecían gardar as tonalidades dalgunha paleta fantástica. E estabamos os tres na tarefa de eloxiar un ceo tan bonito cando apareceu o paxaro. Foi moi tolo todo e non sei se entenderedes algo que nosoutras, que o vivimos, nin sequera entendemos. Mais procuraremos contar a historia como a vivimos e logo xa tiraredes as vosas propias conclusións.

Ao lonxe víase a nosa avoa que chegaría en nada ao museo, preto de nós, o paxaro a voo rasante. E é no preciso intre de achegarse onda nós cando colle coas súas garras a David e o leva con el, desaparecendo no horizonte. Non vos podeades imaxinar a angustia que nos produciu, non puidemos facer ren para retelo, para que o paxaro non o levase, como o fixo, cunha facilidade increíble. Fincamos no chan coma estatuas sen entender. Chorando, corremos a apertar con forza a nosa avoa. Tiñamos abondas cousas que contarlle e ela tiña tamén unha fundamental, que aclararía bastante o derradeiro acto que tanto nos doera.

A avoa levounos a tomar algo quentiño a unha cafetería próxima e como nós non falabamos, probabelmente ficamos en shock, ela comezou a contarnos a historia do seu veciño, que morrera uns días antes de chegarmos

da Arxentina, e que fora por iso que ela estivera triste eses primeiros días. O seu veciño era un home novo e moi boa persoa, un home disposto a axudar a todo o mundo. Era fillo dunha súa amiga que morrera había vinte anos. Chamábase David e a súa nai Helena, igual ca súa avoa.

A nós dábanos volta a cabeza. Non sabiamos por onde empezar a contarlle a avoa que fixeramos unhas viaxes rarísimas no tempo, que viaxáramos á época castrexa, presenciáramos a chegada das lexións romanas, probabelmente a Lugo, andáramos con ela e co noso papá no ano 2000, cando a muralla de Lugo tivo unha outra muralla de libros que a acompañaba, fóramos, sen quererlo, á Escola de Doloriñas, pasaron as revoltas irmandiñas, un anaco polo menos, polas nosas retinas, e coñecéramos ao gran xeógrafo galego Domingo Fontán. Todo iso, sen saber nin como nin por que, acompañadas por un rapaz engaiolante, amábel, reflexivo e protector, que non sabía o que era un celular, algo moi raro no 2025, que non coñecía a canción da «porta violeta na parede» nin a festa do Arde Lucus nin o mural de A Castrexa, que mancaba e mancaba e mancaba o seu pé esquerdo, que era seguido sempre por un mal paxaro cheirento, que lle regalou un ramiño de fendo a un soldado romano, que

nalgunha parte del gardaría un coiteliño de ferro co que lle agasallaran nun poboado castrexo, e que sería, con toda seguridade, de maior, o mellor veciño que a nosa avoa tivese na súa vida. Só que nosoutras non chegamos a coñecelo. Só soubemos que, aos dez anos, lle gustaba levar un plumífero azul metalizado porque el era, sen dúbida ningunha, un pescador de estrelas, un rapaz cheo de «moitosidade» do que nunca nos esqueceremos.

Luz Darriba, Lugo 2025

<sup>1</sup> Mónica Alonso (A Fonsagrada, 1970) é unha importante artista galega.

<sup>2</sup> Dona María Paz Taboada de Andrés y Zúñiga foi unha fidalga galega, nada en Santiago de Compostela, a derradeira propietaria do Pazo de Tor até os anos 90, cando o doou á Deputación Provincial de Lugo para que fose de utilidade pública.



